# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA

## CPI ATIOS VALDOVIÑO

Curso 2022 – 2023

1. Introdución ... 6

1.1. Contextualización ... 6

1.2. Composición do departamento ... 6

1.3. Marco Normativo ... 7

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ... 8

2.1. Competencias clave ... 8

2.2. Contribución ás C.C. dende a materia de Xeografía e Historia ... 9

2.3. Contribución ás C.C. dende a materia de Economía 4º ESO ... 11

2.4. Contribución ás C.C. dende a materia de Valores Éticos ... 11

3. Obxectivos ... 13

3.1. Da Ensinanza Secundaria ... 13

3.2. Obxectivos por materias ... 14

3.2.1. Xeografía e Historia ... 14

3.2.2. Economía ... 15

3.2.3. Valores Éticos ... 16

4. Programación de aula das materias ... 17

4.1. Xeografía e Historia ... 17

4.1.1. Xeografía e Historia de 2º da ESO ... 17

4.1.1.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave ... 17

4.1.1.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, graos mínimos e competencias clave ... 18

4.1.1.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe ... 28

4.1.1.3.1. Procedementos ... 28

4.1.1.3.2. Instrumentos ... 28

4.1.1.4. Concrecións metodolóxicas ... 29

4.1.1.5. Materiais e recursos didácticos ... 30

4.1.1.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe....31
4.1.1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente..35
4.1.1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente....36
4.1.1.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados....38
4.1.2. Xeografía e Historia de 4º da ESO....38
4.1.2.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave.....38
4.1.2.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, graos mínimos e competencias clave....39
4.1.2.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe....49
4.1.2.3.1. Procedementos....49
4.1.2.3.2. Instrumentos....50
4.1.2.4. Concrecións metodolóxicas....50
4.1.2.5. Materiais e recursos didácticos....51
4.1.2.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe....52
4.1.2.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente..56
4.1.2.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente....57
4.1.2.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados....57
4.2. Economía....58
4.2.1. Economía de 4º da ESO....58
4.2.1.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave.....58
4.2.1.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, estándares mínimos e competencias clave....58

4.2.1.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe ....... 62
4.2.1.3.1. Procedementos ....... 62
4.2.1.3.2. Instrumentos ....... 63
4.2.1.4. Concrecións metodolóxicas ....... 63
4.2.1.5. Materiais e recursos didácticos ....... 64
4.2.1.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe ....... 65
4.2.1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.. 69
4.2.1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente ....... 70
4.2.1.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados ....... 70
4.3. Valores Éticos ....... 71
4.3.1. Valores Éticos de 2º da ESO ....... 71
4.3.1.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave ..... 71
4.3.1.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, estándares mínimos e competencias clave ....... 71
4.3.1.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe ....... 77
4.3.1.3.1. Procedementos ....... 77
4.3.1.3.2. Instrumentos ....... 78
4.3.1.4. Concrecións metodolóxicas ....... 78
4.3.1.5. Materiais e recursos didácticos ....... 79
4.3.1.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe ....... 80
4.3.1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente... 84
4.3.1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente ....... 85

4.3.1.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados .......... 86
4.3.2. Valores Éticos de 4º da ESO .......... 87
4.3.2.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave .......... 87
4.3.2.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, estándares mínimos e competencias clave .......... 87
4.3.2.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe .......... 92
4.3.2.3.1. Procedementos .......... 92
4.3.2.3.2. Instrumentos .......... 93
4.3.2.4. Concrecións metodolóxicas .......... 94
4.3.2.5. Materiais e recursos didácticos .......... 94
4.3.2.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe .......... 95
4.3.2.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .......... 99
4.3.2.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente .......... 100
4.3.2.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados .......... 100
5. Plan de continxencia en caso de confinamento debido á Covid – 19 .......... 101
5.1. Avaliación e cualificación .......... 101
5.1.1. Avaliación .......... 101
5.1.2. Cualificación .......... 102
6. Medidas de atención á diversidade .......... 104
7. Concreción dos elementos transversais .......... 106
8. Actividades complementarias e extraescolares .......... 108
9. Tratamento do fomento da lectura .......... 117
10. Tratamento do fomento das TICs. Plan Dixital .......... 118

11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora..................................................................118

# 1. Introdución

## 1.1. Contextualización

O CPI de Atios atópase no lugar de Atios, na parroquia de Valdoviño, no concello de do mesmo nome.

O Concello de Valdoviño ten 6.594 habitantes (segundo INE de 2017), repartidos entre 8 parroquias, e todas elas nutren de alumnado ó noso centro.

É un concello de diversidade natural e patrimonial, centrando a súa economía no sector terciario, xa que é receptor dunha importante cantidade de turismo, e cunha aportación relevante do sector primario.

No presente curso 2022 - 23, o número de alumnas/os de ESO do CPI Atios aos que lle impartirá docencia este departamento, é de 189 repartidos en 10 grupos: 2 grupos de 1º, 3 de 2º, 3 de 3º e 2 de 4º.

En 1º da ESO, hai un total de 37 alumnos/as. En 2º da ESO, hai un total de 60 alumnas/os. En 3º da ESO, hai un total de 42 alumnos/as. E en 4º da ESO, hai un total de 50 alumnas/os.

## 1.2. Composición do departamento

O Departamento de Xeografía e Historia conta cun profesor e unha profesora de Ensinanza Secundaria con destino definitivo, sendo o profesor o Director do centro. Incorporarase tamén un docente con destino provisional.

Don Antonio Cebreiro Melero, Director do centro, que impartirá a materia de Xeografía e Historia dun grupo de 1º da ESO.

A Xefa de Departamento será Vanessa Pita Santalla, que impartirá Xeografía e Historia, de dous grupos de 3º da ESO e dos dous de 4º da ESO, ademais de Cultura Clásica de 3º da ESO. Exercerá así mesmo as funcións de titora dun grupo de 4º da ESO. Levará ademais, a Coordinación do Equipo de Dinamización Lingüística.

Don Juan Coira Pociña, impartirá Xeografía e Historia nun grupo de 1º da ESO e nos dous de 2º da ESO, Educación en Valores Cívicos e Éticos de 3ª da ESO, así como Economía de 4º da ESO. Exercerá así mesmo as funcións de titor dun grupo de 1º da ESO.

Debido a que non se dispoñen de máis horas para impartir as restantes de Valores Éticos, que se asigna a este departamento, recaerán noutro profesorado de distinto departamento:

- Dona María Dolores Otero Mariñas, do Departamento de Lingua Inglesa, impartirá Valores Éticos nos grupos de 2º da ESO.

- Don Alejandro Cadarso Vázquez, do Departamento de Lingua Inglesa, impartirá Valores Éticos nos grupos de 4º da ESO.

## 1.3. Marco Normativo

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 29 de xuño 2015).

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato. (BOE 30 de xullo).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21-07-2015)

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato

Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).

Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que se terá en conta para criterios de promoción e titulación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso académico 2022/23.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

### 2.1. Competencias clave

Na regulación das ensinanzas mínimas ten especial relevancia a definición das Competencias Clave que comezaron a desenvolverse na etapa anterior e que serán completadas na educación secundaria obrigatoria e deberán ser alcanzadas por todo o alumnado.

As Competencias clave son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades:

- Integrar as diferentes aprendizaxes.

- Poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilizalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

- Orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible.

- Inspirar as distintas decisións relativas ó proceso de ensino e aprendizaxe, á metodoloxía, á organización dos centros educativos, ás relacións persoais e á participación de toda a comunidade educativa.

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

* Comunicación lingüística (CCL)
* Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
* Competencia dixital (CD)
* Aprender a aprender (CAA)
* Competencias sociais e cívicas (CSC)
* Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
* Conciencia e expresións culturais (CCEC)

## 2.2. Contribución ás C.C. dende a materia de Xeografía e Historia

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, a competencia en comunicación lingüística resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das ciencias sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente.

Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

O desenvolvemento da competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía, así mesmo tratarase no ámbito das Ciencias Sociais co manexo de cadros estatísticos tanto en Xeografía como en Historia, problemas de escalas en cartografía, diferentes gráficos, climogramas, así como xeometría na análise de obras artísticas.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a competencia no tratamento da información e competencia dixital para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área.

En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

A competencia para aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

A área de ciencias sociais resulta fundamental para o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as ciencias sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais.

Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática, e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

O desenvolvemento desta competencia require ademais o tratamento destes contidos desde unhas metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes.

A competencia para o sentido da iniciativa e espírito emprendedor atópase presente na realización de traballos de investigación así como nos contidos da materia de xeografía especialmente no que respecta a xeografía económica. Nesta programación, traballarase tamén a través da materia de Economía de 4º da ESO, sendo base fundamental dela.

A competencia en conciencia e expresións culturais supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar. A materia de Xeografía e Historia préstase para o desenvolvemento da mesma, ó permitir o estudo das culturas do pasado e do presente,

así como a selección e coñecemento de obras de arte relevantes polo seu significado na caracterización de estilos e artistas.

## 2.3. Contribución ás C.C. dende a materia de Economía 4º ESO

O proceso de ensinanza - aprendizaxe vai encamiñado a que o alumno adquira as seguintes competencias claves:

A competencia da comunicación lingüística conséguese de forma transversal ao longo dos contidos de todos os bloques, con especial importancia aos novos conceptos que introduce a materia.

En canto á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, é lóxico que o alumnado adquira os coñecementos básicos de cálculo e a súa aplicación no ámbito desta materia introdutoria neste ámbito de coñecemento.

Esta materia contribúe á adquisición da competencia dixital ao aplicar as novas tecnoloxías de información e comunicación nesta área de coñecemento.

A competencia de aprender a aprender está presente ao longo desta materia xa que o alumnado, deberá aprender e saber aplicar os conceptos, as súas relacións e os instrumentos de contido económico.

As competencias sociais e cívicas, conseguiranse cando o alumnado entenda a interacción dos axentes económicos, tanto nas relacións entre eles como as súas interaccións coa contorna e os posibles efectos tanto positivos como negativos derivados das mesmas, merecendo unha especial mención o seu tratamento no ámbito persoal.

A competencia sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, asociada a esta materia, incide non só na pura actividade económica senón na contribución á sociedade por parte dos individuos, a inclusión social e o aseguramento do benestar da comunidade.

A contribución á competencia de conciencia e as expresións culturais, virá tamén do feito de que alumnado chegue a entender esa interacción dos axentes económicos antes nomeados, sobre as distintas expresións culturais e patrimonios culturais.

## 2.4. Contribución ás C.C. dende a materia de Valores Éticos

Mellorar a competencia lingüística escrita e oral na exposición das propias ideas.

Promovida polo uso sistemático do debate, diálogo, presentación de dilemas éticos e as súas posibles solucións. Deste xeito exercítase a necesidade de escoitar, a exposición de ideas e comunicación de sentimentos empregando a linguaxe oral.

A linguaxe escrita desenvolverase a través dos traballos de investigación que servirán como un dos instrumentos de avaliación empregados nesta clase.

A competencia matemática traballarase a partir da resolución de problemas se ben neste caso de índole ética, política e xurídica.

A competencia dixital traballarase ao afondar a través do acceso, selección, procesamento e creación da información que estará presente no acceso a internet para a visualización de reportaxes e películas. Ademais deberán facer traballos de investigación tomando como base a busca a través da rede. Fomentarase a procura de diversos artigos de prensa a través de internet.

Fomentarase a competencia de aprender a aprender, promovéndose a través do proceso do currículo mediante o exercicio de analizar, sintetizar, comparar, aplicar, avaliar, argumentar etc..., promovendo a satisfacción que produce o descubrimento da verdade. Faranse traballos de investigación sobre temas de actualidade que desenvolverán así mesmo esta competencia.

As competencias sociais e cívicas, como a capacidade de desenvolver o espírito crítico así como valorar diferentes opinións, farase reflexionando sobre o fundamento ético da sociedade e tomando conciencia sobre a importancia dos seus valores culturais.

Tamén a través da solución de conflitos interpersoais de xeito non violento, o que fará desenvolver actitudes de tolerancia, solidariedade, compromiso e respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa etc...

Inculcaranse valores de respecto, non violencia, liberdade, igualdade, solidariedade e pluralismo partindo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos

A competencia para a iniciativa e o espírito emprendedor, contribúe a potenciar a autonomía do alumnado e a preparalo para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento, aprendendo a construír, mediante unha elección libre e racionalmente fundamentada en valores éticos e o investimento do seu propio esforzo, un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

A competencia en conciencia e expresións culturais supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

## 3. Obxectivos

### 3.1. Da Ensinanza Secundaria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no

respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes

que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 3.2. Obxectivos por materias

Aínda sabedoras de que a LOMCE non fala de obxectivos por materias, marcamos para o presente curso (para poder telos como referentes á hora de avaliar a práctica docente) os seguintes obxectivos nas distintas materias.

### 3.2.1. Xeografía e Historia

O ensino de Xeografía e Historia, abarcará os seguintes obxectivos:

- Identificar as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais, e culturais, para comprender o pasado e as sociedades actuais.

- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos.

- Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan.

- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeo - económicas e os trazos físicos e humanos das rexións do mundo, facendo especial fincapé en Europa, España e Galicia.

- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos mais relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencias, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade.

- Valorar a diversidade das sociedades humanas, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.

- Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da Revolución Industrial.

- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade sociocultural, para aprender a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico.

- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as CCSS para aumentar a precisión no uso da linguaxe e enriquecer a comunicación.

- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de diversas fontes. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.

- Valorar a construción histórica do coñecemento científico e o desenvolvemento social.

- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como vía para a solución de problemas humanos e sociais.

- Resolver problemas e levar a cabo estudos e investigacións escolares aplicando os conceptos, técnicas e procedementos básicos da indagación característicos das CCSS.

- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición para a paz.

- Promover a participación na sociedade galega e española con plena conciencia dos seus dereitos e deberes.

### 3.2.2. Economía

O ensino da materia de Economía, abarcará os seguintes obxectivos:

Explicar a Economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.

- Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.

- Tomar conciencia dos principios básicos da Economía a aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades.

- Describir os diferentes tipos de empresas e formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como as interrelacións das empresas coa súa contorna inmediata.

- Analizar as características principais do proceso produtivo.

- Identificar as fontes de financiamento das empresas.

- Determinar para un caso sinxelo a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.

- Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigacións fiscais.

- Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal relacionando estas co benestar propio e social.

- Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos.

- Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado así como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución.

- Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.

- Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.

- Diferenciar as magnitudes de tipos de interese, inflación e desemprego, así como analizar as relacións existentes entre elas.

- Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de interese, inflación e desemprego.

- Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e o medio ambiente.

### 3.2.3. Valores Éticos

O ensino de Valores Éticos, abarcará os seguintes obxectivos:

- Construír un código ético de valores e normas que determinen as súas decisións.

- Realzar a dignidade persoal e a realización plena como persoas.

- Promover as relacións sociais.

- Desenvolver a idea de xustiza tanto na relación con outras persoas como no interior dun mesmo.

- Favorecer o desenvolvemento do alumno/a no relativo ás súas capacidades intelectivas e emocionais.

- Comprender a vida como un proxecto persoal fundamentado nos valores éticos libremente elixidos.

- Fomentar a consolidación da autoestima, dignidade persoal, liberdade e participación democrática como cidadán ou cidadá.

- Contribuír á construción dun mundo baseado na xustiza, a igualdade, a liberdade e a paz.

- Potenciar a autonomía para acadar o seu propio desenvolvemento, a construción do seu pensamento e proxecto de vida.

- Asumir de xeito crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control da súa existencia.

- Recoñecer os dereitos humanos como referencia universal para superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.

- Desenvolver o espírito crítico e argumentativo.

# 4. Programación de aula das materias

## 4.1. Xeografía e Historia

### 4.1.1. Xeografía e Historia de 2º da ESO

#### 4.1.1.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave

| **Xeografía e Historia 2º ESO. 1º ciclo ESO** | | |
|---|---|---|
| **Bloques de contidos** | **Obxectivos ESO** | **Competencias clave asociadas** |
| Bloque 1. O medio físico | a, b, c, d, e, f, g, h, l, m, n, ñ, o | CCL, CMCCT, CD, CAA, SC, CCEC |
| Bloque 2. O espazo humano | a, b, c, d, e, f, g, h, l, m, n, ñ, o | CCL, CMCCT, CD, CAA, SC, CCEC |
| Bloque 3. A historia | a, b, c, d, e, f, g, h, l, n, ñ, o | CCL, CMCCT, CD, CAA, SC, CCEC |

### 4.1.1.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, graos mínimos e competencias clave

| **U.D. 1 As paisaxes naturais de España** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 7** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| As grandes unidades do relevo español | Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular e insular identificando as súas características xerais. | - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España, utilizando datos de coordenadas xeográficas.<br>- Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español.<br>- Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.<br>- Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | 50 %<br>50 %<br>100 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| Os ríos peninsulares | Situar no mapa de España as vertentes hidrográficas, identificando os principais ríos peninsulares. | - Identifica os factores que inflúen nos ríos.<br>- Sitúa nun mapa físico os principais ríos españois.<br>- Describe as características dos ríos das tres vertentes hidrográficas peninsulares. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| O clima: elementos e factores | Identificar os elementos e factores que configuran o clima de España. | - Identifica os elementos do clima.<br>- Sitúa nun mapa os factores que inflúen no clima de España.<br>- Define termos específicos relacionados cos climas. | 100 %<br>50 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| A diversidade climática en España | Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español. | - Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.<br>- Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando mapas, gráficos e imaxes.<br>- Coñece os elementos das variantes climáticas españolas. | 100 %<br>50 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| A diversidade de paisaxes: zonas bioclimáticas | Coñecer os principais espazos naturais de España | - Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España.<br>- Describe as características das paisaxes naturais das diferentes variantes españolas.<br>- Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando mapas, gráficos e imaxes. | 100 %<br>50 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| O medio natural e os problemas ambientais | Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e as súas consecuencias. | - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España.<br>- Localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados cos problemas ambientais actuais en España.<br>- Analiza algúns dos efectos negativos da contaminación sobre os seres vivos e o equilibrio ecolóxico | 100 %<br>25 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| Analizamos: bens de interese natural en España | Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | - Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgún deles.<br>- Identifica as comunidades autónomas con máis espazos protexidos. | 25 %<br>25 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Traballamos con: climogramas | Elaborar e interpretar gráficas climáticas ou climogramas. | - Elabora unha gráfica climática, a partir dos datos de temperatura e precipitacións.<br>- Analiza unha gráfica climática e deduce a que tipo de clima pertence. | 100 %<br>50 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |

| **U.D. 2 A paisaxe natural galega** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 7** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Un relevo antigo e fragmentado | Caracterizar e comprender a orixe e evolución do relevo galego. | - Enumera e describe as características do medio físico galego.<br>- Comprende a evolución do relevo de Galicia.<br>- Define os trazos máis singulares da orixe e formación do relevo galego. | 50 %<br>25 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD |
| As unidades do relevo | Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo galego. | - Sitúa nun mapa físico de Galicia as principais unidades de relevo.<br>- Describe as unidades de relevo coa axuda do mapa físico. | 100 %<br>25 % | CAA<br>CCL<br>CD |
| As costas e a rede fluvial | Caracterizar as costas e a rede fluvial galega e coñecer as súas principais arterias. | - Describe as características e organización da densa rede fluvial galega.<br>- Identifica os nomes das principais arterias fluviais galegas.<br>- Describe as especificidades da costa galega, na que se destacan as rías. | 25 %<br>100 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD |
| As variantes climáticas | Identificar e definir os elementos do clima, os centros de acción e os tipos de tempo dominantes en Galicia, así como as variantes do clima oceánico. | - Define os elementos do clima.<br>- Identifica os centros de acción que afectan con máis frecuencia a Galicia.<br>- Identifica os tipos de tempo que se producen en Galicia.<br>- Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos galegos. | 50 %<br>50 %<br>50 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| Os espazos naturais protexidos en Galicia | Coñecer e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente galego e as súas consecuencias, así como as vías para afrontar estes problemas. | - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais en Galicia.<br>- Toma conciencia da necesidade de adoptar medidas para conservar o patrimonio natural galego, reducindo o seu deterioro.<br>- Valora con actitude crítica pero construtiva respecto aos problemas do medio ambiente. | 100 %<br>100 %<br>50 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| Traballamos con: mapas do tempo | Analizar e comentar mapas do tempo. | - Identifica os elementos que configuran os mapas do tempo.<br>- Interpreta un mapa do tempo. | 100 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |

| **U.D. 3 A poboación mundial** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 6** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| As fontes | Identificar as fontes de información que | - Identifica as principais fontes de información demográfica. | 100 % | CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| demográficas e os movementos naturais da poboación | empregan os demógrafos para o estudo da poboación. | - Describe os trazos que caracterizan os movementos naturais da poboación.<br>- Coñece os movementos naturais da poboación. | 50 %<br>100 % | CCL<br>CMCCT<br>CSC<br>CD |
| Os modelos demográficos | Diferenciar os modelos demográficos e a súa evolución. | - Define modelo demográfico.<br>- Identifica algúns países co seu modelo demográfico.<br>- Localiza nun mapa mundial os grupos de países que teñen un mesmo modelo demográfico. | 100 %<br>25 %<br>25 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSC<br>CD |
| A distribución e a estrutura da poboación | Coñecer a estrutura da poboación segundo a súa idade e xénero e diferenciar a estrutura da poboación segundo a actividade que desempeñe. | - Localiza as áreas máis e menos densamente poboadas do mundo, identificando as razóns das diferenzas.<br>- Describe a estrutura da poboación segundo a súa idade e xénero<br>- Analiza a estrutura da poboación segundo a actividade que desempeñe. | 100 %<br>25 %<br>25 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSC<br>CD |
| Formigueiros humanos e baleiros demográficos | Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación. | - Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis e menos densamente poboados.<br>- Identifica os factores que favorecen ou dificultan a concentración da poboación. | 50 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSC<br>CD |
| A poboación europea, española e galega | Analizar a poboación europea, española e galega, no relativo á súa dinámica e evolución. | - Explica as características da poboación europea, española e galega.<br>- Compara as características demográficas dos países europeos coas española e galega.<br>- Analiza as causas e consecuencias do avellentamento da poboación.<br>- Identifica as características da poboación galega actual. | 100 %<br>25 %<br>100 %<br>50 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |
| Traballamos con: pirámides de idades | Coñecer a técnica de elaboración, análise e comentario dunha pirámide de idades. | - Constrúe a pirámide de idades de Galicia do ano 2015.<br>- Compara a pirámide de idades galega coa española ou coa doutras comunidades. | 100 %<br>25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |

| **U.D. 4 Os movementos migratorios** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 6** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Os desprazamentos da poboación | Coñecer os tipos de migracións ou desprazamentos da poboación no espazo, e explicar as causas ou factores que explican estes desprazamentos. | - Describe os tipos de migracións ou desprazamentos da poboación no espazo.<br>- Explica as causas ou factores que explican estes desprazamentos.<br>- Define o crecemento real dunha poboación. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |
| As correntes | Describir os principais movementos | - Describe os principais movementos migratorios no mundo | 100 % | CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| migratorias no mundo actual | migratorios no mundo actual. | actual.<br>- Identifica as áreas receptoras de poboación e as súas características.<br>- Identifica as áreas emisoras de poboación e as súas características. | 25 %<br>25 % | CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |
| A evolución dos movementos migratorios en Europa | Analizar a evolución dos movementos migratorios en Europa, España e Galicia. | - Describe a evolución dos movementos migratorios en España e Europa.<br>- Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.<br>- Identifica os movementos migratorios en Galicia e describe as súas fases. | 100 %<br>25 %<br>50 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |
| Refuxiados e desprazados | Coñecer as causas que provocan a existencia de campos de refuxiados no mundo. | - Enumera e valora as causas que provocan a existencia de campos de refuxiados no mundo.<br>- Diferenza entre refuxiado e desprazado.<br>- Define o concepto de campo de refuxiado.<br>- Valora as consecuencias que ten, para unha persoa, ser refuxiado. | 100 %<br>100 %<br>50 %<br>100 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |
| As consecuencias dos movementos migratorios | Analizar e valorar as consecuencias dos movementos migratorios tanto para os países emisores como para os receptores. | - Analiza e valora as consecuencias dos movementos migratorios, tanto para os países emisores como para os receptores.<br>- Enumera as vantaxes económicas e demográficas que orixina a inmigración para os países receptores, e a emigración para os países emisores. | 100 %<br>100 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |
| Analizamos: os galegos na emigración. A inmigración en Galicia | Analizar e identificar os movementos migratorios en Galicia. | - Coñece e identifica os movementos migratorios en Galicia e describe as súas fases.<br>- Valora e compara a inmigración en Galicia con outras comunidades españolas. | 100 %<br>50 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |
| Traballamos con: mapas de fluxos | Analizar e comentar mapas de fluxos. | - Analiza e comenta un mapa de fluxos sobre as rutas da emigración cara a Europa. | 25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL |

| **U.D. 5 Un mundo de cidades** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 6** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| O espazo urbano | Identificar os elementos que caracterizan a cidade. | - Identifica os elementos caracterizadores dunha cidade.<br>- Diferenza os tipos de áreas urbanas no mundo.<br>- Valora o crecemento da poboación urbana no mundo.<br>- Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas indicando os países nos que se localizan. | 100 %<br>100 %<br>25 %<br>25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A morfoloxía urbana | Analizar a forma e a estrutura das cidades a través de tipoloxías básicas | - Coñece a evolución histórica do proceso de formación e crecemento das cidades.<br>- Analiza a forma e a estrutura das cidades a través de tipoloxías básicas.<br>- Analiza e compara diferentes tipos de planos urbanos. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| O proceso de urbanización | Coñecer a evolución histórica do proceso de formación e crecemento das cidades. | - Coñece a evolución histórica do proceso de formación e crecemento das cidades.<br>- Diferenza o tipo de crecemento urbano nas cidades dos países desenvolvidos e nas dos países subdesenvolvidos. | 50 %<br>100 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| A cidade no seu territorio | Valorar o impacto da cidade no seu territorio e as relacións que se establecen entre o mundo urbano e o rural próximo, así como con outras cidades. | - Define o concepto de función urbana.<br>- Identifica os criterios que se empregan para establecer a xerarquía entre as cidades<br>- Identifica os distintos niveis de xerarquía: metrópoles mundiais, nacionais e rexionais.<br>- Caracteriza a xerarquización da rede urbana mundial. | 50 %<br>100 %<br>100 %<br>25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| A vida nas cidades | Analizar a cidade actual e os problemas que se orixinan para abastecela e planificala, así como a eliminación dos seus residuos e os diferentes tipos de contaminación. | - Analiza a cidade actual e os seus problemas.<br>- Identifica os problemas de carácter social das grandes cidades do mundo.<br>- Identifica os problemas de carácter ambiental das grandes cidades do mundo.<br>- Desenvolve actitudes positivas para reducir os residuos urbanos. | 100 %<br>25 %<br>25 %<br>25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD<br>CSIEE |
| Traballamos con: planos urbanos | Coñecer a técnica de traballo de análise e comentario de planos urbanos. | - Analiza e comenta planos urbanos. | 50 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |

| **U.D. 6 A urbanización do territorio español e galego** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 6** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| O proceso de urbanización de España e Galicia | Coñecer o proceso de urbanización español e galego. | - Coñece a orixe e o proceso de urbanización das cidades españolas e galegas.<br>- Elabora unha gráfica que recolla a evolución da taxa de urbanización da poboación española.<br>- Identifica os factores que favoreceron o crecemento das cidades españolas e galegas desde a década de 1970. | 100 %<br>25 %<br>25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD<br>CSIEE |
| O sistema urbano español | Describir o sistema urbano das cidades españolas e a xerarquización que se establece entre elas. | - Analiza e describe o sistema urbano das cidades españolas e a xerarquización que se establece entre elas.<br>- Sitúa nun mapa as cidades españolas de maior tamaño e influencia. | 100 %<br>100 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | - Cita as vinte cidades españolas máis poboadas e indica se hai algunha galega. | 25 % | CD |
| O goberno das cidades | Explicar o modo en que se gobernan e administran as cidades en España. | - Explica o modo en que se gobernan e administran as cidades en España.<br>- Localiza datos na rede sobre os problemas e solucións do propio concello.<br>- Pescuda sobre quen goberna a cidade propia. | 25 %<br>25 %<br>100 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD<br>CSIEE |
| O poboamento rural e urbano en Galicia | Caracterizar o poboamento rural e urbano galego. | - Describe os trazos propios do poboamento galego.<br>- Compara o poboamento rural galego co doutras comunidades.<br>- Localiza un mapa de Galicia as áreas máis urbanizadas e as máis rurais. | 100 %<br>25 %<br>50 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| As sete cidades galegas | Coñecer os trazos básicos das principais cidades de Galicia e a súa xerarquización. | - Sitúa nun mapa de Galicia as sete cidades máis grandes.<br>- Recoñece as áreas de influencia das cidades galegas.<br>- Identifica a orixe de cada unha das sete grandes cidades galegas. | 100 %<br>25 %<br>25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| Traballamos con: fotografías de carácter xeográfico | Valorar a fotografía como fonte de información xeográfica. | - Recoñece e valora a fotografía como fonte de información xeográfica. | 25 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |

| **U.D. 7 Pobos bárbaros e reinos xermánicos** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 9** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Os pobos bárbaros e as grandes invasións | Coñecer os trazos básicos e comúns dos pobos bárbaros e valorar os cambios que se orixinaron como consecuencia das grandes migracións do século V. | - Define o concepto de pobos bárbaros.<br>- Identifica os trazos comúns e característicos dos pobos bárbaros.<br>- Analiza información de mapas históricos.<br>- Localiza información e redacta unha breve biografía do máis destacado dos dirixentes dos hunos: Atila. | 100 %<br>100 %<br>50 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| Os reinos xermánicos | Valorar o impacto da fragmentación da unidade do imperio romano e a nova situación provocada polos reinos xermánicos. | - Localiza o asentamento dos principais pobos xermánicos.<br>- Identifica os trazos comúns e característicos dos pobos xermánicos.<br>- Valora os cambios políticos e territoriais derivados da fragmentación do imperio romano. | 100 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| O reino suevo | Coñecer e valorar a chegada, asentamento, expansión e fin dos reinos suevo de Gallaecia e visigodo de Toledo. | - Identifica as circunstancias nas que se asentaron os suevos en Gallaecia.<br>- Valora o impacto da formación do novo reino no noroeste peninsular. | 100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| O reino visigodo de Toledo | Identificar os trazos e realizacións do reino visigodo na Península Ibérica | - Describe os trazos básicos do reino visigodo de Toledo.<br>- Elabora un mapa conceptual cos trazos básicos das realizacións do reino visigodo.<br>- Valora as realizacións máis destacadas do reino visigodo. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| O imperio de Xustiniano I | Identificar e valorar os intentos do emperador de oriente, Xustiniano I, de restaurar a perdida unidade do imperio romano. | - Comprende as razóns que explican a pervivencia do Imperio Romano de Oriente.<br>- Valora os proxectos de Xustiniano I para restaurar a unidade política do Mediterráneo. | 100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| Analizamos: a arte bizantina a través dun edificio singular: Santa Sofía de Constantinopla | Coñecer e valorar a realización de Santa Sofía de Constantinopla | - Identifica os elementos característicos da arte bizantina. | 100 % | CCEC<br>CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| Traballamos con: as fontes de información histórica | Diferenciar os diversos tipos de fontes de información que empregan os historiadores. | - Clasifica diversas fontes de información segundo a súa procedencia e a súa presentación ou formato. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| **U.D. 8 A Europa feudal** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 9** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Os inicios da Idade Media: a expansión do islam e as invasións normandas | Coñecer a situación xeral da Europa occidental nos comezos da Idade Media, valorando a presenza dos pobos xermánicos, a expansión do islam e as invasións normandas. | - Coñece os principios básicos do islam.<br>- Comprende as orixes do islam e o seu alcance posterior.<br>- Describe as características da arte do islam.<br>- Caracteriza os trazos básicos das invasións normandas.<br>- Interpreta mapas de fluxos. | 100 %<br>50 %<br>100 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| Un novo imperio: Carlomagno | Valorar a formación do imperio de Carlomagno e as súas achegas culturais. | - Valora os obxectivos e principais realizacións do imperio de Carlomagno. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD<br>CSIEE |
| O feudalismo | Identificar os trazos xerais do feudalismo. | - Define o concepto de feudalismo.<br>- Elabora un mapa conceptual cos trazos básicos do feudalismo. | 100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| A explotación do territorio e o réxime señorial | Analizar as modalidades básicas da explotación do territorio na Europa feudal. | - Comprende as relacións entre propietarios e traballadores da terra.<br>- Interpreta textos escritos e imaxes relacionadas coas relacións feudais de dependencia. | 100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A pirámide feudal | Comprender os trazos básicos da sociedade feudal. | - Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.<br>- Describe os trazos e a relación entre os diversos grupos da sociedade estamental.<br>- Valora a condición das mulleres na Idade Media. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A monarquía feudo - vasalática | Caracterizar a organización e as funcións da monarquía feudo -vasalática. | - Explica a organización e funcionamento da monarquía feudal.<br>- Valora as relacións sociais propias do feudalismo. | 100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Analizamos: un fenómeno da época, as cruzadas | Comprender e valorar un fenómeno da época: as cruzadas. | - Coñece a significación e principais actuacións das diferentes cruzadas medievais. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| **U.D. 9 A Europa do románico** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 9** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A cultura europea na Alta Idade Media | Coñecer e valorar os trazos xerais da cultura medieval en Europa occidental na alta Idade Media. | - Recoñece os trazos básicos da cultura da Europa occidental na Idade Media.<br>- Valora a función dos mosteiros na Idade Media.<br>- Comprende a significación do Cisma de Oriente. | 100 %<br>50 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| A arte prerrománica na Península Ibérica | Identificar os trazos básicos das diferentes manifestacións da arte prerrománica na península ibérica. | - Identifica os elementos característicos dos estilos prerrománicos peninsulares<br>- Valora a significación da arte no contexto xeral da cultura.<br>- Localiza e analiza obras de arte do prerrománico peninsular. | 100 %<br>50 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| A arte románica | Identificar e describir os elementos característicos da arte románica. | - Localiza elementos propios da arte románica en diferentes tipos de obras.<br>- Valora as manifestacións da arte románica no contexto da sociedade que as creou.<br>- Define termos artísticos propios do románico<br>- Selecciona, analiza e comenta obras de arte románicas. | 100 %<br>50 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| O Camiño de Santiago | Explicar a orixe, desenvolvemento e significación desta ruta de peregrinación. | - Describe as causas do inicio da peregrinación a Santiago.<br>- Busca información sobre as características da peregrinación e das rutas máis frecuentadas.<br>- Valora o Camiño de Santiago como vía de penetración cultural, artística e cultural. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |

| **U.D. 10 Renovación e crise no mundo feudal** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 9** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Renovación agraria e crecemento demográfico | Comprender e valorar as transformacións máis significativas no mundo agrario medieval e as súas consecuencias na demografía. | - Identifica os mecanismos empregados na Idade Media para aumentar a produción e os rendementos agrícolas.<br>- Analiza e comenta a evolución da demografía na Europa feudal.<br>- Analiza e valora os cambios sociais consecuencia do crecemento da poboación. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| O desenvolvemento comercial | Identificar as innovacións que permitiron o auxe comercial na baixa Idade Media. | - Explica as causas da renovación do comercio europeo a partir do século XII.<br>- Localiza en mapas as zonas de maior desenvolvemento comercial na Europa dos séculos XIV e XV.<br>- Valora a concesión de vantaxes comercias para unha vila ou cidade na Idade Media. | 100 %<br>50 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| O renacer urbano | Entender o proceso de renovación urbana medieval e valorar o papel determinante xogado pola nacente burguesía. | - Valora as causas e consecuencias do renacemento urbano medieval.<br>- Describe as actividades predominantes da burguesía e o seu papel no renacer das cidades.<br>- Localiza e comenta a existencia de restos medievais na localidade propia ou próxima. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| A consolidación das monarquías | Comprender o proceso de recuperación e fortalecemento dos poderes dos monarcas. | - Describe medidas empregadas polos monarcas para consolidar o seu poder.<br>- Valora a existencia dun sistema de limitación do poder dos monarcas en Inglaterra. | 100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| As dificultades dos séculos XIV e XV | Entender o impacto socioeconómico provocado polas diversas crises que afectaron a Europa a finais da Idade Media. | - Identifica as causas e consecuencias da Peste Negra.<br>- Comprende os principais motivos dos enfrontamentos bélicos e sociais durante os séculos XIV e XV. | 100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Analizamos: os gremios medievais | Valorar a existencia dos gremios medievais e coñecer a súa organización | - Describe a organización gremial e valora o seu papel durante a Idade Media.<br>- Localiza en planos urbanos as pegadas da organización gremial. | 100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| **U.D. 11 A Europa do gótico** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 7** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A cultura europea na Baixa Idade Media | Valorar as formas culturais e artísticas propias dos séculos finais da Idade Media. | - Describe as manifestacións culturais e artísticas no contexto da renovación urbana.<br>- Valora a invención da imprenta na divulgación da cultura.<br>- Identifica as causas e circunstancias do Cisma de Occidente. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| A arte gótica | Identificar e describir os elementos característicos da arte gótica. | - Identifica os elementos característicos da estética gótica.<br>- Relaciona as manifestacións artísticas cos cambios nas mentalidades da Baixa Idade Media. | 100%<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A catedral, símbolo da arquitectura gótica | Analizar a catedral como a obra máis representativa da arquitectura gótica. | - Identifica elementos da arquitectura gótica.<br>- Define termos artísticos da arquitectura gótica.<br>- Valora a catedral como a obra máis representativa da arquitectura gótica. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| As artes figurativas | Analizar e comentar obras representativas das artes figurativas do estilo gótico. | - Identifica elementos da escultura e da pintura gótica.<br>- Valora as novas técnicas pictóricas.<br>- Analiza e comenta obras escultóricas e pictóricas representativas da arte gótica. | 100 %<br>50 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| O gótico en Galicia | Coñecer as manifestacións máis destacadas da arte gótica conservadas en Galicia. | - Identifica características propias do gótico galego.<br>- Compara e valora obras góticas realizadas en Galicia.<br>- Selecciona algunha obra do gótico galego existente no seu contorno para analizala e valorala. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |

| **U.D. 12 A Península Ibérica na Idade Media. O reino de Galicia** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 7** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| O dominio musulmán | Comprender a especificidade da historia medieval peninsular debida á longa presenza do dominio musulmán. | - Elabora un eixe cronolóxico que reflicta a presenza musulmá na Península Ibérica.<br>- Identifica as características do Califato Cordobés.<br>- Coñece as características da arte musulmá na Península Ibérica e as realizacións máis destacadas. | 50 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD<br>CMCCT |
| A expansión cristiá | Analizar as características do proceso reconquistador. | - Define o concepto de Reconquista.<br>- Analiza e comenta mapas históricos referidos ao proceso reconquistador.<br>- Compara diferentes formas de repoboación cristiá<br>- Valora a expansión mediterránea da Coroa de Aragón. | 100 %<br>25 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| Sociedade e monarquía feudal | Describir a formación dos diferentes reinos e coroas cristiás e as relacións sociais derivadas do sistema feudo - vasalático | - Describe as características da monarquía feudo - vasalática peninsular e as diferenzas existentes nas coroas de Castela e Aragón.<br>- Coñece as circunstancias do nacemento das Cortes e as súas funcións na Idade Media peninsular.<br>- Clasifica e caracteriza correctamente os individuos no seu estamento. | 100 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Desenvolvemento rural e urbano | Identificar as causas e consecuencias do desenvolvemento económico e urbano peninsular. | - Identifica e escribe as principais actividades económicas dos reinos cristiáns peninsulares.<br>- Comprende as circunstancias que favoreceron as transformacións económicas medievais na Península Ibérica.<br>- Analiza e valora as circunstancias da creación de novas formas comerciais. | 100 %<br>25 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A Galicia medieval | Coñecer e valorar a formación do reino medieval de Galicia e as súas características específicas. | - Coñece e valora as circunstancias nas que Galicia foi reino independente.<br>- Identifica e caracteriza os grupos sociais na Galicia medieval.<br>- Valora a xestión do bispo Xelmírez como bispo compostelán.<br>- Describe as características dos foros galegos. | 100 %<br>50 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| Analizamos: a rebelión irmandiña | Coñecer e valorar un conflito político e social específico de Galicia: a revolta dos irmandiños. | - Coñece a orixe, evolución e consecuencias da revolución irmandiña. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| Traballamos con: eixes cronolóxicos | Practicar a técnica de traballo de elaboración de eixes cronolóxicos ou liñas do tempo. | - Elabora un eixe cronolóxico coas datas e feitos máis significativos da Idade Media. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

### 4.1.1.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

#### 4.1.1.3.1. Procedementos

En canto ó sistema de avaliación, a metodoloxía será variada; primarase a observación diaria na aula: realización ou non dos traballos e tarefas encomendadas, dificultades, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc.

Esta completarase coa análise das producións individuais e grupais esixidas ó longo das unidades, elaboración de documentos de distinto tipo, pequenos traballos de investigación...

Por último, faranse probas escritas de carácter sumativo para comprobar o grao de adquisición de determinados estándares dificilmente avaliables por outras vías.

O fundamental é ter presente que a finalidade da avaliación é ser formativa; trátase de detectar en cada intre como se adapta o alumnado individualmente ó proceso de ensinanza - aprendizaxe previsto, e corrixir de forma inmediata os fallos do mesmo.

Para iso tamén é importante escoitar ó alumnado, que sexan eles os que avalíen o seu traballo, o dos compañeiros e o do profesorado. Poderá conseguirse isto último, a través do uso de rúbricas, postas a disposición de ambas partes do proceso de ensinanza - aprendizaxe (alumnado - profesorado), de doada aplicación en tarefas de carácter expositivo ou nas probas parciais.

#### 4.1.1.3.2. Instrumentos

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida do alumnado, e as súas posibles carencias e necesidades.

- Elaboración dun caderno de clase no que deben aparecer tanto os apuntes tomados na clase, como os exercicios realizados.

- Traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos; elaboración e comentarios de gráficas; comentarios de imaxes artísticas; proxectos; traballos monográficos; lectura e recesións de fragmentos de textos, ou textos completos; etc...)

- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula.

- Probas escritas, normalmente ó rematar cada unidade, ou de cada dúas, que se axustarán aos estándares de aprendizaxe de cada unidade didáctica. Que poderán conter exercicios de distintos tipos, como por exemplo:

* preguntas de elección múltiple
* preguntas de asociación ou correspondencia
* preguntas alternativas: correcto/incorrecto, verdadeiro/falso, si/non, etc.
* preguntas de resposta curta
* preguntas de resposta elaborada

#### 4.1.1.4. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na materia.

Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos. Para iso, farase unha lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente.

Esta explicación, poderá verse enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Esta materia facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que eles/as coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese.

Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha industria ou unha estrutura agraria, visita a un museo de arte contemporánea, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlles ó alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos.

### 4.1.1.5. Materiais e recursos didácticos

Aínda que existe unha grande variedade de recursos didácticos, os textos escritos continúan ocupando un lugar privilexiado no ensino da Xeografía e Historia.

Entre eles destacamos en primeiro lugar a presenza do libro de texto, como medio de consulta e recompilación de documentos.

Manterase para segundo da ESO, a utilización de Edixgal, onde se disporá de materiais escritos e tamén audiovisuais, que poderán enriquecerse ou non, co material dispoñible na Aula Virtual do centro.

O alumnado precisará doutros materiais complementarios, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, mapas, estatísticas, gráficos, etc... que en cada momento lles serán indicados polo profesorado.

Ademais, dada a importancia social que teñen os medios de comunicación na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da prensa escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc...

Outro tanto podemos dicir dos medios audiovisuais tradicionais (DVD, lector de CD, encerado dixital) e das novas tecnoloxías da información e a comunicación que resultan especialmente motivadores no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe de tarefas específicas. Destacaremos o uso de Internet como fonte de información e como recurso didáctico.

### 4.1.1.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe

**Para obter a cualificación en cada avaliación valoraranse os contidos conceptuais máis os procedimentais nun 90%, e os contidos actitudinais nun 10%.**

Tanto os contidos procedimentais, coma os contidos actitudinais, están baseados nas competencias clave, nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En relación aos estándares de aprendizaxe establécense os seguintes graos de concreción:

Excelente: o alumnado comprendeu e executou de forma global, clara e con detalle os termos do estándar de aprendizaxe sen ningún tipo de erro nin omisión.

Bo: o alumnado comprendeu e executou de forma global e clara os termos do estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión non substancial.

Elemental: o alumnado comprendeu e executou de forma básica o estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión.

Insuficiente: o alumnado non comprendeu nin executou o estándar de aprendizaxe presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais.

Non realizado: o alumnado non executou o estándar de aprendizaxe.

Establécese unha correspondencia numérica entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes.

Cada estándar será cualificado segundo a seguinte relación:

| Grao de concreción | Excelente | Bo | Elemental | Insuficiente | Non realizado |
|---|---|---|---|---|---|
| Cualificación | 4/4 | 3/4 | 2/4 | 1/4 | 0 |

Deste xeito, poderase aplicar, tanto aos instrumentos de avaliación para os contidos conceptuais, coma os procedimentais.  Por exemplo, se unha pregunta dunha proba escrita se puntúa sobre 1, o grao de concreción do estándar avaliado, estará entre 0 – 0,25 – 0,5 – 0,75 ou 1, aplicando a relación anterior.

Os instrumentos empregados para valorar os contidos conceptuais e procedimentais serán dous:

a) as probas escritas realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Haberá as probas que o docente considere necesarias, preferentemente dúas, abranguendo a materia de dous temas cada unha delas preferentemente, que poderán ter dúas partes:

Unha primeira parte será de carácter conceptual, e consistirá na definición de conceptos ou no desenvolvemento de cuestións e temas, a modo de redaccións, nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais.

Unha segunda parte terá carácter procedimental, e consistirá na realización de exercicios diversos: interpretación de mapas, elaboración de resumos e esquemas, identificación e comentario de gráficas, identificación e comentario de imaxes artísticas, comentario guiado de documentos históricos sinxelos...

Ditas probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, entendendo que o aprobado se sitúa no 5. Para poder obter unha cualificación positiva, é preciso que se realice como mínimo a metade da parte conceptual e a metade da parte procedimental, é dicir, non se poderá deixar en branco toda a parte práctica, ou toda a parte teórica. En caso contrario, a proba será avaliada cun 4.

En caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non idóneos (“chuletas”), procederase a retirar o exame e puntuar cun cero (0) dita proba.

De igual xeito, durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, implicará a retirada da proba e a cualificación desta cun cero (0).

**A nota media destas probas suporán o 70 % da nota final de trimestre.**

b) os traballos realizados polo alumno/a tendo en conta:

* a correcta execución das actividades feitas no caderno, cunha presentación nunhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade e composición correctas

* a valoración de pequenos traballos de investigación, redaccións ou calquera outro tipo de exercicios propostos polo docente para a súa realización fora da aula

**A nota destes traballos suporá o 20 % da nota final de trimestre. Un 15 % destinarase a traballos obrigatorios, e outro 5 % a traballos voluntarios, en caso de propoñer tarefas optativas.**

Respecto ás tarefas a realizar, tanto de aula coma de fogar, a nota asignada, será proporcional ao traballo realizado é dicir: se nun trimestre se marcaron 10 exercicios, e o alumno/a só realizou 5, obtería 0´75 puntos no apartado de traballo.

Tanto nas probas coma nos traballos encargados, poderá restarse puntuación por faltas de ortografía, expresión e puntuación, en caso de que se produzan moitas, e sempre e cando a docente o crea necesario e eficaz para poder emendar a situación.

**No que se refire a contidos actitudinais, cun peso final do 10 %, terá unha valoración positiva:**

* o comportamento individual dentro da aula (respecto cara a compañeiros/as e profesorado, corrección na maneira de expresarse,...)

* as intervencións positivas na aula (na resolución dun exercicio, na resposta a unha pregunta, expoñer cuestións nas que se dubida e amosar interese pola materia...)

* a utilización axeitada do material de traballo propio, así como o de utilización xeral (libros, cadernos, dicionarios, mapas murais, equipos informáticos, instalacións...)

* e o esforzo, a través da realización do tarefas propostas tanto na aula como na casa.

En caso de que non se cumpran estas premisas por parte do alumnado, iránselle adxudicando "chamadas negativas", que restarán do seguinte xeito:

Unha chamada respecto ao comportamento, restará 0,25 ptos.

Dúas chamadas respecto ao comportamento, restarán 0,5 ptos.

Tres ou catro chamadas respecto ao comportamento, restarán 0,75 ptos.

Cinco ou máis chamadas respecto ao comportamento, restarán 1 pto.

Ditas "chamadas negativas", deberían ser anotadas nos cadernos ou axendas do alumnado ao que se lle rexistren, utilizando dita axenda como medio transmisor directo coas familias, para notificar esa ausencia de esforzo. Seranlle comunicadas igualmente, á respectiva titora ou titor do alumnado para que, sendo coñecedor de dita incidencia, poda á súa vez comunicarllo ás familias, en caso de que o alumnado non o estea facendo.

**A cualificación trimestral obterase realizando a nota media das probas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 70%, sumando despois a porcentaxe que lle corresponda segundo o traballo dentro dun 20%, e da actitude, dentro do 10% restante. Dita nota media realizarase, en caso de que a nota media das probas sexa de, polo menos, catro puntos (4). En caso contrario, a cualificación trimestral será insuficiente.**

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.
- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

**A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.**

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha proba escrita de similares características que as trimestrais, e avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do trimestre a recuperar.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar un exame final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que consten como suspensas. En dita proba, avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

No período que vai dende a 3ª avaliación á avaliación ordinaria, levaranse a cabo tarefas de recuperación daquelas avaliacións suspensas que axuden ao alumnado a poder superalas, nunha última proba de recuperación realizada antes da sesión de avaliación ordinaria.

Ditas probas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán exercicios correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todos os exercicios dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que

recuperar a 1ª avaliación, a través dunha proba de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao 1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a proba avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza aos pertinentes exames e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarase coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a proba o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a proba.

### 4.1.1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

O proceso de avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os profesores irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

II. Avaliación Final: determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizala, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polo alumnado dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e a enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

Algúns dos indicadores de logro, poderían ser:

- o nivel de dificultade foi o adecuado para o alumnado

- conseguiuse motivar ao alumnado
- conseguiuse unha participación activa
- conseguiuse comunicación coa familia
- atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
- poténcianse estratexias que favorezan a consecución das competencias clave
- ofrécense os resultados o máis rapidamente posible e coméntanse

#### 4.1.1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

O alumnado con materias pendentes, terá a opción de escoller dous tipos de avaliación, segundo o crean conveniente.

Para a elección, enviarase unha circular ás súas familias a principio de curso explicando os dous procedementos, e deberá vir de volta asinada de conforme entenden os dous, están de acordo coa escolla feita polo alumnado e están ao tanto dos prazos de entrega en caso de entregar os boletíns periódicos.

Na primeira modalidade, combinarán a realización de traballos prácticos ó longo do curso que se recollerán periodicamente (novembro, xaneiro e marzo), con exames parciais e e un exame final que se levará a cabo no mes de maio, para poder recuperar algún dos parciais suspensos.

O programa de traballo, estará baseado nos contidos traballados polo alumnado durante o curso pasado. As actividades propostas serán divididas por unidades repartidas en caderniños de traballo. Unha vez realizadas serán entregadas, dentro dos prazos estipulados, para a súa corrección e puntuación.

O profesorado que imparta as respectivas materias, será o encargado de supervisar as distintas actividades de avaliación encamiñadas á superación da materia pendente, e resolverá as dúbidas que o alumnado poida presentar con respecto ós exercicios a entregar ou entregados.

A entrega correcta e dentro dos prazos previstos dos traballos encomendados ao alumnado, suporá un 40% da nota trimestral.

Os exames parciais que se realizarán trimestralmente, suporán o 60% restante da nota. Dito exame, versará sobre os contidos traballados nos caderniños de actividades trimestrais.

A cualificación final da materia pendente, obterase achando a nota media obtida en cada recuperación trimestral, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

Para que a materia se considere superada, deberá obter en total e como mínimo, cinco puntos (5). A materia cualificarase coma APTA ou NON APTA, consignando no XADE cinco puntos (5).

Na circunstancia de que o alumnado que escolleu a avaliación combinada, non fixese un ou dous dos cadernos, poderá acollerse á avaliación só por exame, para facilitarlle a superación da materia.

Igualmente, poderá presentarse ao exame de maio, para recuperar algunha das cualificacións trimestrais negativas.

A segunda modalidade, será a realización unicamente de exames parciais e outro exame final que se levará a cabo no mes de maio, para poder recuperar algún dos parciais suspensos. Estes exames ou probas, suporán o 100 % da nota final.

Buscamos deste xeito, que o alumnado poda escoller a modalidade que mellor se axeite ás súas capacidades e/ou circunstancias, e poda así, superar a materia pendente.

A cualificación final da materia pendente, obterase achando a nota media obtida en cada recuperación trimestral, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

Para que a materia se considere superada nesta modalidade, deberá obter como mínimo, cinco puntos (5). A materia cualificarase coma APTA ou NON APTA, consignando no XADE cinco puntos (5).

En calquera das dúas modalidades, en caso de cualificación negativa no mes de maio, o alumnado poderá presentarse a un exame de avaliación ordinaria en xuño. Ao alumnado que tivera escollida a modalidade de entrega de traballos trimestrais, conservaránselle as cualificacións positivas que obtivera nos distintos trimestres.

En base ao establecido na RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso académico 2022/23, o alumnado que acceda a un Programa de Diversificación Curricular con materias pendentes de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos, consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente. Polo tanto, o alumnado nesta situación, que teña esta materia pendente, teraa superada automaticamente no caso de superar o Ámbito Sociolingüístico de 3º de PDC, entregando coma apoio as actividades trimestrais. En caso de non superar o Ámbito, poderá acceder a unha proba levada a cabo no mes de maio, e outra de recuperación en xuño que lle permita recuperala de xeito individual ao Ámbito.

### 4.1.1.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados

A data prevista para a avaliación inicial de 2º da ESO, é o 19 de outubro de 2022.

Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos.

Deste xeito, e tamén antes de comezar unha unidade didáctica, farase unha tormenta de ideas ou pequenas preguntas recordatorio, destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

A consecuencia dos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de ditas probas, adoptaranse as medidas oportunas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será as respectivas titoras/es, priorizando, tal e como se establece nas distintas ordes que rexen esta programación, os contactos a través das canles telemáticas.

De tódolos xeitos, contémplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades do alumnado.

### 4.1.2. Xeografía e Historia de 4º da ESO

### 4.1.2.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave

| **Xeografía e Historia 4º ESO. 2º ciclo ESO** | | |
|---|---|---|
| **Bloques de contidos** | **Obxectivos ESO** | **Competencias clave asociadas** |
| Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | a, c, d, f, g, h, l, n, ñ | CCEC, CCL, CSC, CMCCT, CAA |
| Bloque 2. A era das revolucións liberais | a, c, d, g, h, l, ñ | CSC, CAA, CCL |
| Bloque 3. A Revolución Industrial | a, c, d, f, g, h, l, m, ñ | CAA, CCL, CSC, CSIEE, CMCCT |
| Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial | a, c, d, g, h, l, n | CSC, CAA, CCL, CCEC |
| Bloque 5. A época de entre guerras (1919-1945) | a, c, d, g, h, l | CSC, CAA, CCL |
| Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) | a, d, g, h, l | CSC, CAA, CCL |
| Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o | a, c, d, f, g, h, l, m, ñ | CSC, CAA, CCL |

| | | |
|---|---|---|
| illamento económico do bloque soviético | | |
| Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI | a, c, d, g, h, l, ñ | CSC, CAA, CCL |
| Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI | e, g, h, l, m, ñ | CSC, CD, CAA, CCL, CMCCT, CSIEE |
| Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía | f, g, h, l ñ | CSC, CMCCT, CAA, CCL |

### 4.1.2.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, graos mínimos e competencias clave

| **U.D. 1 O século da razón** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 11** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| O Antigo Réxime | Recoñecer e describir as principais características do Antigo Réxime. | - Identifica os trazos básicos da economía do Antigo Réxime<br>- Valora a organización social estamental.<br>- Analiza a xustificación teórica do poder absoluto dos monarcas. | 100 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Ilustración | Comprender e valorar os cambios que a Ilustración introduciu na mentalidade da época. | - Comenta as transformacións intelectuais introducidas polo movemento da Ilustración.<br>- Identifica os principais grupos e institucións difusoras das ideas ilustradas. | 100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| O despotismo ilustrado | Identificar os trazos que caracterizan o sistema do despotismo ilustrado. | - Caracteriza os trazos básicos do despotismo ilustrado.<br>- Analiza as reformas dos monarcas ilustrados e busca puntos de coincidencia entre eles. | 100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Os primeiros monarcas Borbóns en España | Coñecer as realizacións máis salientables dos primeiros monarcas da dinastía de Borbóns en España. | - Describe as reformas centralizadoras de Filipe V.<br>- Caracteriza as liñas xerais do reinado de Fernando VI.<br>- Valora as reformas ilustradas de Carlos III. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Galicia Borbónica | Coñecer as realizacións borbónicas e o papel dos ilustrados en Galicia. | - Explica a orixe e o papel social da fidalguía galega<br>- Identifica as principais propostas de cambio dos ilustrados galegos<br>- Nomea as institucións ilustradas galegas e as súas principais propostas. | 100 %<br>50 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| América colonial | Identificar as liñas básicas da organización e explotación das colonias españolas en América no século XVIII. | - Identifica e describe as liñas básicas da organización e explotación da América española no século XVIII. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Síntomas e propostas de cambio | Coñecer e valorar as novas ideas sociais, económicas e políticas que criticaban as bases do Antigo Réxime. | - Coñece e valora as propostas de cambio político e socioeconómico elaboradas por pensadores do século XVIII. | 50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| As artes na época da Ilustración | Analizar e valorar as correntes e movementos artísticos máis significativos da época. | - Analiza e comenta elementos propios dos estilos do século XVIII en determinadas obras de arte.<br>- Selecciona obras de arte rococó e analiza os seus trazos característicos. | 100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| Ciencia e técnica no século XVIII | Coñecer e valorar as achegas máis destacadas da ciencia e da tecnoloxía no século XVIII. | - Identifica e valora as achegas da ciencia e da técnica no progreso da humanidade.<br>- Selecciona algún invento da época para explicar a súa transcendencia posterior. | 100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

| **U.D. 2 As revolucións burguesas** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 11** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| O liberalismo | Describir os trazos básicos que caracterizan o liberalismo. | - Describe os trazos básicos que caracterizan o liberalismo.<br>- Diferenza e valora as tendencias do liberalismo a partir de fontes documentais. | 100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Independencia e revolución en EEUU | Valorar o proceso de independencia dos EEUU como expresión da primeira revolución liberal. | - Explica as causas da independencia de EEUU.<br>- Identifica principios liberais na Declaración de Dereitos de Virxinia.<br>- Elabora sínteses biográficas a partir da consulta de fontes na rede. | 100 %<br>50 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| A Revolución francesa e o Imperio napoleónico | Explicar as causas da Revolución francesa, coñecer os trazos máis significativos das súas fases e identificar os trazos da política exterior e interior do Imperio napoleónico. | - Explica as causas da Revolución francesa.<br>- Elabora un eixe cronolóxico coas datas e fases da Revolución francesa.<br>- Analiza e comenta documentos básicos do proceso revolucionario francés.<br>- Identifica os principais acontecementos e medidas da época do Imperio napoleónico.<br>- Sintetiza a biografía de Napoleón a partir da consulta de fontes de información na rede. | 100 %<br>50 %<br>25 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| Guerra e revolución liberal en España | Coñecer e valorar o proceso dos inicios da revolución liberal en España a no contexto da crise da Monarquía e da guerra contra os franceses. | - Explica as circunstancias do inicio da guerra contra os franceses e da revolución liberal en España.<br>- Comenta a táctica de loita contra o exército napoleónico e os resultados .<br>- Analiza e comenta a significación do traballo das Cortes de Cádiz.<br>- Valora a resistencia dos galegos na loita contra o exército francés. | 100 %<br>100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A revolución agraria e industrial | Analizar os cambios introducidos pola revolución industrial, valorando o impacto das transformacións. | - Describe e valora as principais transformacións da revolución agraria.<br>- Analiza e comenta os cambios nos sectores punteiros da revolución industrial. | 100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | - Valora a aplicación da ciencia e da tecnoloxía na renovación industrial. | 50 % | CMCCT |
| Capitalismo e sociedade de clases | Describir os trazos do capitalismo e a nova sociedade de clases. | - Elabora un mapa conceptual cos trazos básicos do capitalismo.<br>- Identifica trazos do capitalismo en fontes documentais.<br>- Explica as características da sociedade de clases. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| Neoclasicismo. Goya | Analizar e valorar as correntes e movementos artísticos máis significativos da época, prestando unha especial atención á obra de Goya. | - Identifica os elementos que caracterizan a arte neoclásica.<br>- Analiza e valora a obra de Goya a través da súa obra.<br>- Busca información na rede para completar a valoración da obra de Goya. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

| **U.D. 3 Restauración, liberalismo e nacionalismo** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 11** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Restauración absolutista e vagas revolucionarias | Coñecer os principios da Restauración absolutista e os intentos revolucionarios que se lle opuxeron. | - Identifica os principios da Restauración absolutista en documentos.<br>- Analiza e comenta o mapa resultante do Congreso de Viena.<br>- Identificar os principais acontecementos das vagas revolucionarias de 1820, 30 e 48. | 100 %<br>50 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| Fernando VII e a independencia da América española | Coñecer e valorar o enfrontamento entre absolutismo e liberalismo durante o reinado de Fernando VII e o proceso de independencia das colonias españolas en América. | - Describe a ideoloxía dominante nos diferentes períodos do reinado de Fernando VII.<br>- Explica e valora o pronunciamento como medio para establecer o liberalismo.<br>- Explica as circunstancias que favoreceron os procesos de independencia das colonias españolas de América. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| O reinado de Sabela II | Identificar os trazos básicos da evolución política, económica e social do reinado de Sabela II. | - Caracteriza os bandos enfrontados nas guerras carlistas.<br>- Describe a tendencia dominante nos diferentes períodos do reinado de Sabela II.<br>- Analiza e compara Constitución do reinado. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| O Sexenio democrático | Diferenciar e analizar as etapas políticas do Sexenio democrático. | - Identifica e describe os diferentes réximes políticos durante o Sexenio.<br>- Caracteriza o reinado de Amadeo de Savoia.<br>- Sintetiza as características das diferentes posicións dos republicanos durante a Primeira República. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Galicia liberal | Coñecer e valorar as especificidades da Galicia liberal. | - Coñece e valora os intentos de establecer o liberalismo desde Galicia.<br>- Caracteriza as dificultades que en Galicia tivo o liberalismo e os inicios do movemento provincialista.<br>- Explica as principais transformacións económicas da Galicia liberal a partir da análise de gráficas e táboas de | 50 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | datos. | | |
| Nacionalismo e novos Estados en Europa | Identificar os trazos do nacionalismo e coñecer o proceso de formación do novo Estado de Alemaña e Italia. | - Identifica os elementos básicos dos nacionalismos a partir da análise de documentos. | 25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | - Diferenza os tipos de nacionalismo do século XIX. | 100 % | |
| | | - Sintetiza os procesos de formación dos novos Estados de Italia e Alemaña e analiza os mapas da evolución da súa formación. | 100 % | |
| Os inicios do movemento obreiro | Coñecer e diferenciar as primeiras formas de organización e protesta proletaria, así como os trazos básicos do marxismo e do anarquismo valorando a súa incidencia no movemento obreiro. | - Describe as primeiras formas de protesta obreira. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | - Coñece os principios teóricos do marxismo e do anarquismo e valora a súa influencia no movemento obreiro. | 100 % | |
| | | - Explica a formación da AIT, os seus obxectivos e dificultades. | 25 % | |
| Romanticismo e realismo | Analizar e diferenciar as características do movemento artístico do romanticismo e do realismo. | - Identifica elementos característicos do romanticismo e do realismo a partir da análise de obras representativas. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

| **U.D. 4 Estado burgués e imperialismo** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 9** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Estado burgués e movementos sociais | Coñecer as características do Estado burgués e os movementos reivindicativos das mulleres e do mundo obreiro. | - Describe os trazos característicos do Estado burgués do século XIX. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | - Explica os avances do movemento obreiro e valora os acordos da Segunda Internacional. | 100 % | |
| | | - Valora os esforzos do movemento sufraxista e as súas realizacións. | 100 % | |
| Segunda revolución industrial. Ciencia e tecnoloxía | Identificar avances científicos, técnicos e organizativos da segunda revolución industrial, así como os seus trazos característicos. | - Identifica os trazos característicos da segunda revolución industrial. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| | | - Describe e valora os novos métodos de traballo e de organización empresarial a partir do comentario e análise de fontes documentais e gráficas. | 50 % | |
| | | - Busca información na rede para elaborar un breve informe sobre algún invento significativo da segunda revolución industrial. | 25 % | |
| As transformacións demográficas | Analizar as principais causas e consecuencias da revolución demográfica. | - Explica as principais razóns que explican o crecemento demográfico do século XIX. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| | | - Enuncia as causas do éxodo rural e da emigración no século XIX. | 100 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | - Analiza e compara datos estatísticos a partir de gráficas e táboas de datos. | 25 % | |
| Expansión colonial e imperialismo | Identificar as causas e consecuencias da formación dos imperios coloniais. | - Identifica e describe as causas da formación dos imperios coloniais.<br>- Analiza e compara mapas históricos relacionados coas consecuencias do colonialismo.<br>- Valora os acordos dos Congreso de Berlín de 1885. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| O réxime da Restauración borbónica en España | Describir os feitos máis significativos dos reinados de Afonso XII e Afonso XIII. | - Define os trazos básicos do sistema canovista.<br>- Identifica e describe os acontecementos máis destacados do período da Restauración borbónica.<br>- Elabora un mapa conceptual cos principais acontecementos da crise dos sistema da Restauración. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Galicia dos caciques | Sintetizar as características políticas, económicas e sociais da Galicia caciquil do século XIX | - Identifica os elementos de control e poder dos caciques galegos.<br>- Coñece e valora o movemento agrarista.<br>- Analiza e valora a evolución económica da Galicia de finais do século XIX e comezos do XX. | 100 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Rexionalismos e nacionalismos periféricos en España | Coñecer e valorar os rexionalismo e nacionalismos periféricos españois da época da Restauración. | - Describe as causas do nacemento dos nacionalismos periféricos en España.<br>- Caracteriza os trazos e a evolución do galeguismo e busca na rede imaxes e textos relacionados.<br>- Analiza e comenta documentos relacionados cos nacionalismos catalán, vasco e galego. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| Impresionismo e pos impresionismo | Identificar as características e valorar as obras dos máis destacados artistas impresionistas e pos impresionistas. | - Identifica elementos característicos do impresionismo e post-impresionismo en obras dos máis destacados artistas destes movementos.<br>- Valora os cambios estéticos que supuxeron no seu momento estes estilos artísticos.<br>- Selecciona obras na rede e elabora un breve dossier sobre elas. | 100 %<br>50 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

| **U.D. 5 O mundo entre guerras** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 10** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A Primeira Guerra Mundial | Explicar as causas e consecuencias da Primeira Guerra Mundial. | - Explica as causas da Primeira Guerra Mundial e valora as magnitudes do conflito.<br>- Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa evolución das frontes bélicas e o novo mapa europeo que xurdiu ao seu remate.<br>- Comenta a organización da paz e as súas consecuencias. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| A Revolución | Identificar os puntos clave do proceso | - Explica a situación da Rusia tsarista e valora os seus | 100 % | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| rusa e o Estado soviético | revolucionario ruso e da formación do Estado soviético. | trazos no estoupido da revolución de 1917.<br>- Coñece os aspectos máis destacados da organización do Estado soviético con Lenin e Stalin.<br>- Analiza e comenta textos, imaxes e táboas de datos relacionados coa URSS de Lenin e Stalin. | 100 %<br>50 % | CAA<br>CCL<br>CD |
| O fascismo. A Italia de Mussolini | Coñecer os postulados básicos do fascismo e as principais características da Italia de Mussolini. | - Describe e comenta os trazos básicos do fascismo.<br>- Explica e valora as consecuencias que se derivan da aceptación do principio de desigualdade entre os seres humanos.<br>- Sintetiza o proceso de ascenso ao poder de Mussolini e as realizacións máis destacadas do seu goberno. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A crise de 1929 e a Gran Depresión | Comprender as causas do crac da Bolsa de Nova York e as consecuencias que dela se derivaron. | - Identifica os factores que desencadearon o crac de 1929.<br>- Relaciona a crise neoiorquina coa depresión mundial<br>- Analiza e comenta gráficas e táboas de datos relacionados coas consecuencias da crise de 1929. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| O nazismo. A Alemaña de Hitler | Coñecer as características do nazismo e as actuacións máis destacadas da Alemaña de Hitler. | - Describe e comenta os trazos característicos do nazismo destacando so relacionados co antisemitismo e a súa relación co holocausto.<br>- Sintetiza o proceso de ascenso nazi ao poder en Alemaña.<br>- Comenta os trazos da Alemaña nazi e a súa fin. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Segunda Guerra Mundial | Explicar as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. | - Explica as causas da Segunda Guerra Mundial e valora as magnitudes do conflito.<br>- Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa evolución das frontes bélicas e o novo mapa europeo que xurdiu ao seu remate.<br>- Comenta a organización da paz e as súas consecuencias. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| As vangardas pictóricas | Analizar e valorar as manifestacións artísticas da arte das vangardas, con especial atención a Galicia. | - Analiza e valora a estética das vangardas pictóricas.<br>- Identifica trazos característicos deste movemento en obras previamente seleccionadas na rede.<br>- Valora a obra do artista galego Carlos Masside desde o punto de vista estético e como testemuña da súa época a través da súa obra gráfica. | 100 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

| **U.D. 6 República e ditadura en España** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 10** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A ditadura de Primo de Rivera e a fin da Monarquía. | Caracterizar a ditadura de Primo de Rivera, as súa evolución e fin. | - Identifica as razóns de Primo de Rivera para iniciar a ditadura a partir da análise de documentos.<br>- Caracteriza as etapas do mandato de Primo de Rivera.<br>- Valora as forzas da oposición e a fin da ditadura. | 50 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A Segunda República | Coñecer o contexto de proclamación da Segunda República e describir as súas etapas e principais realizacións. | - Explica o contexto de proclamación da Segunda República.<br>- Analiza e valora as principais realizacións, así como as dificultades nas diferentes etapas da Segunda República.<br>- Comprende e valora as diferenzas entre ditadura e democracia. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Galicia durante a Segunda República | Coñecer as especificidades de Galicia durante a Segunda República con atención especial ao proceso autonómico. | - Coñece os trazos específicos da Segunda República en Galicia.<br>- Identifica e valora a ideoloxía e o traballo das forzas políticas máis involucradas na aprobación do Estatuto de Autonomía.<br>- Analiza e comenta aspectos do Estatuto de 1936. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Guerra Civil | Coñecer o contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil, así como as forzas que apoiaron aos dous bandos e as consecuencias da derrota republicana. | - Enuncia as causas do inicio da Guerra Civil e describe o proxecto dos sublevados.<br>- Caracteriza a ideoloxía e forzas que apoiaron aos dous bandos enfrontados.<br>- Analiza e comenta, a través de mapas históricos e imaxes, a evolución da guerra e as actuacións do goberno de Burgos e da República nas respectivas zonas de control.<br>- Valora as consecuencias da Guerra Civil. | 100 %<br>100 %<br>50 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| A ditadura de Franco | Identificar os trazos básicos da política, cultura e socio economía de España durante a ditadura franquista. | - Enumera as razóns para considerar ditadura o sistema franquista.<br>- Describe os trazos políticos do franquismo e as súas consecuencias na orde internacional.<br>- Comenta a evolución económica do franquismo a partir de documentos, gráficas e datos estatísticos.<br>- Enuncia as principais forzas de oposición e caracteriza os derradeiros anos do franquismo. | 100 %<br>100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| Galicia no franquismo | Explicar os trazos específicos da ditadura franquista en Galicia, destacando o papel da guerrilla e o drama do exilio. | - Valora a existencia do poderoso movemento de resistencia ao franquismo que foi a guerrilla.<br>- Describe a evolución económica en Galicia durante o franquismo e o papel de emigración como fonte de divisas.<br>- Analiza, comenta e valora so sucesos de Ferrol do 10 de marzo de 1972. | 100 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| As vangardas en España. Picasso | Analizar e valorar a arte das vangardas en España e Galicia, destacando a obra de Picasso. | - Identifica elementos característicos das vangardas artísticas na obra de artistas españois e galegos.<br>- Analiza e valora algunha obra deste estilo seleccionada na rede.<br>- Busca información na rede e elabora un informe sobre a significación da obra de Picasso. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

| | |
|---|---|
| **U.D. 7 A división do mundo en bloques** | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 9** |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| A bipolarización das relacións internacionais | Comprender a división do mundo en bloques tras a fin da Segunda Guerra Mundial e definir as súas características. | - Define o concepto de bipolaridade na Guerra Fría.<br>- Enuncia os elementos de cohesión de cada un dos bloques.<br>- Caracteriza os trazos do enfrontamento bipolar. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Guerra Fría | Coñecer os trazos da Guerra Fría e caracterizar as súas fases e conflitos máis destacados. | - Caracteriza o novo tipo de tensión internacional durante a Guerra Fría.<br>- Nomea os conflitos máis destacados da etapa e sintetiza as causas e consecuencias.<br>- Valora a significación da guerra de Vietnam e da Afganistán para as superpotencias da Guerra Fría. | 25 %<br>100 %<br>50 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Democracias liberais | Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias liberais. | - Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias liberais e valora os avances relacionados co estado do benestar en Europa.<br>- Analiza e valora os movementos sociais e de protesta dos países do bloque occidental.<br>- Consulta a rede para obter datos cos que elaborar un breve informe sobre os movementos en defensa dos dereitos políticos dos negros en EEUU e Sudáfrica. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| Democracias populares | Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias populares. | - Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias populares.<br>- Analiza os exemplos de Iugoslavia e China como excepcións á imposición do modelo soviético.<br>- Define e valora as dificultades do bloque socialista e a crise do socialismo real. | 100 %<br>100 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A descolonización | Coñecer e valorar o proceso de descolonización. | - Define o concepto de descolonización e sitúa o proceso no tempo e no espazo<br>- Sitúa nun mapamundi os novos países organizados segundo as fases da súa independencia.<br>- Busca información complementaria na rede sobre a figura de Gandhi e a súa significación na independencia de India e nos movementos pacifistas que inspirou. | 100 %<br>25 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| O terceiro mundo | Describir as características do Terceiro Mundo. | - Define o concepto de Terceiro Mundo e sitúa sobre un mapa o espazo que abrangue.<br>- Define o movemento dos Non Aliñados e valora o seu papel no mundo bipolar da Guerra Fría.<br>- Analiza datos estatísticos cos que valorar as realidades do Terceiro Mundo. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| As postvangardas artísticas | Coñecer as tendencias da arte na etapa da Guerra Fría. | - Analiza tendencias da renovación da arquitectura, da escultura e da pintura.<br>- Valora a falta dunha única tendencia como valor enriquecedor das artes. | 100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | - Busca na rede algunha obra artística representativa do período para analizala e comentala. | 100 % | CCEC |

| **U.D. 8 Globalización e supremacía de EE UU** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 9** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Terceira revolución industrial. Globalización e crise económica | Valorar os avances técnicos e científicos do mundo actual e os seus efectos na globalización. | - Identifica as características da terceira revolución industrial.<br>- Comenta os trazos da globalización e dos movementos alternativos e/ou contrarios a ela.<br>- Selecciona unha novidade do campo dixital actual e comenta a importancia na vida cotiá.<br>- Describe a orixe e os trazos da crise económica iniciada en 2008. | 100 %<br>100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| A orde internacional na pos-Guerra Fría | Caracterizar esta fase histórica destacando o papel de EE UU e a orde internacional xurdida tras a fin da Guerra Fría. | - Valora a supremacía de EE UU tras a desaparición da URSS.<br>- Coñece o proceso de desintegración de Iugoslavia.<br>- Identifica as principais zonas de conflito en África e as características desas guerras. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Unión Europea | Coñecer o proceso de formación e ampliación da Europa Comunitaria. | - Coñece as orixes da Europa unida e sitúa no tempo os inicios do proceso.<br>- Localiza nun mapa os países que forman parte da UE.<br>- Confecciona un eixe do tempo coas fases de ampliación da Europa Comunitaria.<br>- Explica o funcionamento das institucións europeas. | 100 %<br>100 %<br>25 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| América Latina | Coñecer a evolución económica e política do conxunto dos países de América Latina. | - Identifica trazos comúns nos países de América Latina durante a segunda metade do século XX e comezos do XXI.<br>- Describe procesos evolutivos cara á maior democratización na maioría dos países de América Latina.<br>- Analiza e comenta táboas de datos sobre valores demográficos, económicos e sociais de América Latina. | 100 %<br>25 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| Os países de Asia Oriental | Caracterizar as economías consolidadas e emerxentes de Asia. | - Describe o crecemento xaponés e nomea os principais sectores económicos do seu desenvolvemento.<br>- Describe os elementos que permiten o crecemento económico chinés.<br>- Caracteriza as economías emerxentes do sueste de Asia. | 100 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| O mundo islámico | Comprender o papel que o islam exerce nos países de maioría musulmá e caracterizar as manifestacións do terrorismo xihadista. | - Valora o papel que a relixión exerce nos países musulmáns.<br>- Analiza os conflitos máis significativos no mundo musulmán.<br>- Analiza as accións e efectos do terrorismo xihadista no mundo actual. | 100 %<br>25 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| Un mundo multipolar | Caracterizar as relacións internacionais a partir dos ataques terroristas do 11-9-2001. | - Explica as tendencias actuais das relacións internacionais orixinadas a partir dos ataques terroristas a EE UU en 2001.<br>- Valora a existencia de varios núcleos de poder superadores do sistema bipolar da Guerra Fría e da supremacía e EE UU nos anos posteriores á desaparición da URSS.<br>- Identifica os novos centros de poder mundial e as relacións e intereses mutuos. | 100 %<br>50 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A arte actual | Comprender e valorar a enorme diversidade de linguaxes e expresións artísticas características do momento actual. | - Comenta as tendencias dominantes na arquitectura actual.<br>- Visita unha exposición –real ou virtual- e redacta un informe valorativo da obra exposta.<br>- Busca na rede algunha obra actual para contextualizala, describila e valorala. | 25 %<br>25 %<br>100 %<br>25 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

| **U.D. 9 España en democracia** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 9** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe**<br>**Estándares mínimos** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A transición democrática | Coñecer e valorar os feitos básicos da transición democrática. | - Describe o proceso de transición desde a ditadura franquista á democracia da monarquía parlamentaria.<br>- Describe e valora a actuación do primeiro goberno de Suárez.<br>- Analiza os resultados das primeiras eleccións democráticas da transición. | 100 %<br>50 %<br>100 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Constitución de 1978. O Estado das Autonomías | Analizar o actual sistema político da España das Autonomías e coñecer os trazos básicos da Constitución de 1978. | - Identifica os trazos básicos da Constitución de 1978 e valora os seus principios reitores.<br>- Analiza a organización dos poderes do Estado.<br>- Coñece e localiza no mapa as Comunidades e cidades Autónomas, as respectivas capitais e as datas de aprobación dos seus Estatutos. | 100 %<br>100 %<br>75 % | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A alternancia democrática dos gobernos | Identificar as principais realizacións dos diferentes gobernos democráticos. | - Elabora un esquema no que sintetiza as principais realizacións dos gobernos da UCD, PSOE e PP.<br>- Explica e valora o intento de golpe de Estado de 1981.<br>- Elabora un eixe cronolóxico coas datas dos gobernos da democracia. | 25 %<br>100 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A Galicia autonómica | Describir o proceso autonómico galego e caracterizar os seus trazos básicos, así como identificar as diferentes forzas políticas que gobernaron. | - Describe os pasos do proceso autonómico galego.<br>- Analiza e comenta os trazos básicos do Estatuto de Autonomía.<br>- Caracteriza o sistema político autonómico.<br>- Elabora un eixe cronolóxico coas datas dos gobernos autonómicos.<br>- Comenta os trazos demográficos, económicos e sociais da Galicia autonómica. | 100 %<br>25 %<br>100 %<br>25 %<br>25 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| Tendencias artísticas actuais en España | Analizar e valorar a arte actual en España. | - Analiza e comenta as últimas tendencias artísticas en España.<br>- Selecciona unha obra arquitectónica, outra escultórica e outra pictórica actual de artistas españois e comenta os seus valores artísticos.<br>- Busca na rede a obra actual dun artista galego e analiza e comenta o seu contido, significación e técnica empregada na súa realización. | 100 % | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

### 4.1.2.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

#### 4.1.2.3.1. Procedementos

En canto ó sistema de avaliación, a metodoloxía será variada; primarase a observación diaria na aula: realización ou non dos traballos e tarefas encomendadas, dificultades, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc.

Esta completarase coa análise das producións individuais e grupais esixidas ó longo das unidades, elaboración de documentos de distinto tipo, pequenos traballos de investigación...

Por último, faranse probas escritas de carácter sumativo para comprobar o grao de adquisición de determinados estándares dificilmente avaliables por outras vías.

O fundamental é ter presente que a finalidade da avaliación é ser formativa; trátase de detectar en cada intre como se adapta o alumnado individualmente ó proceso de ensinanza - aprendizaxe previsto, e corrixir de forma inmediata os fallos do mesmo.

Para iso tamén é importante escoitar ó alumnado, que sexan eles os que avalíen o seu traballo, o dos compañeiros e o do profesorado. Poderá conseguirse isto último, a través do

uso de rúbricas, postas a disposición de ambas partes do proceso de ensinanza - aprendizaxe (alumnado - profesorado), de doada aplicación en tarefas de carácter expositivo ou nas probas parciais.

#### 4.1.2.3.2. Instrumentos

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida do alumnado, e as súas posibles carencias e necesidades.

- Elaboración dun caderno de clase no que deben aparecer tanto os apuntes tomados na clase, como os exercicios realizados.

- Traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos; elaboración e comentarios de gráficas; comentarios de imaxes artísticas; proxectos; traballos monográficos; lectura e recesións de fragmentos de textos, ou textos completos; etc...)

- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula.

- Probas escritas, normalmente ó rematar cada unidade, ou de cada dúas, que se axustarán aos estándares de aprendizaxe de cada unidade didáctica. Que poderán conter exercicios de distintos tipos, como por exemplo:

* preguntas de elección múltiple
* preguntas de asociación ou correspondencia
* preguntas alternativas: correcto/incorrecto, verdadeiro/falso, si/non, etc.
* preguntas de resposta curta
* preguntas de resposta elaborada

### 4.1.2.4. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na materia.

Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos. Para iso, farase unha lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente.

Esta explicación, poderá verse enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Esta materia facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que eles/as coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese.

Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha industria ou unha estrutura agraria, visita a un museo de arte contemporánea, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlles ó alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos.

### 4.1.2.5. Materiais e recursos didácticos

Aínda que existe unha grande variedade de recursos didácticos, os textos escritos continúan ocupando un lugar privilexiado no ensino da Xeografía e Historia.

Entre eles destacamos en primeiro lugar a presenza do libro de texto, como medio de consulta e recompilación de documentos.

Para cuarto da ESO, poderá utilizarse o material de creación propia do departamento, dispoñible na Aula Virtual ou da propia docente.

O alumnado precisará doutros materiais complementarios, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, mapas, estatísticas, gráficos, etc... que en cada momento lles serán indicados polo profesorado.

Ademais, dada a importancia social que teñen os medios de comunicación na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da prensa escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc...

Outro tanto podemos dicir dos medios audiovisuais tradicionais (DVD, lector de CD, encerado dixital) e das novas tecnoloxías da información e a comunicación que resultan especialmente motivadores no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe de tarefas específicas. Destacaremos o uso de Internet como fonte de información e como recurso didáctico.

#### 4.1.2.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe

**Para obter a cualificación en cada avaliación valoraranse os contidos conceptuais máis os procedimentais nun 90%, e os contidos actitudinais nun 10%.**

Tanto os contidos procedimentais, coma os contidos actitudinais, están baseados nas competencias clave, nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En relación aos estándares de aprendizaxe establécense os seguintes graos de concreción:

Excelente: o alumnado comprendeu e executou de forma global, clara e con detalle os termos do estándar de aprendizaxe sen ningún tipo de erro nin omisión.

Bo: o alumnado comprendeu e executou de forma global e clara os termos do estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión non substancial.

Elemental: o alumnado comprendeu e executou de forma básica o estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión.

Insuficiente: o alumnado non comprendeu nin executou o estándar de aprendizaxe presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais.

Non realizado: o alumnado non executou o estándar de aprendizaxe.

Establécese unha correspondencia numérica entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes.

Cada estándar será cualificado segundo a seguinte relación:

| Grao de concreción | Excelente | Bo | Elemental | Insuficiente | Non realizado |
|---|---|---|---|---|---|
| Cualificación | 4/4 | 3/4 | 2/4 | 1/4 | 0 |

Deste xeito, poderase aplicar, tanto aos instrumentos de avaliación para os contidos conceptuais, coma os procedimentais. Por exemplo, se unha pregunta dunha proba escrita se

puntúa sobre 1, o grao de concreción do estándar avaliado, estará entre 0 – 0,25 – 0,5 – 0,75 ou 1, aplicando a relación anterior.

Os instrumentos empregados para valorar os contidos conceptuais e procedimentais serán dous:

a) as probas escritas realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Haberá as probas que o docente considere necesarias, preferentemente dúas, abranguendo a materia de dous temas cada unha delas preferentemente, que poderán ter dúas partes:

Unha primeira parte será de carácter conceptual, e consistirá na definición de conceptos ou no desenvolvemento de cuestións e temas, a modo de redaccións, nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais.

Unha segunda parte terá carácter procedimental, e consistirá na realización de exercicios diversos: interpretación de mapas, elaboración de resumos e esquemas, identificación e comentario de gráficas, identificación e comentario de imaxes artísticas, comentario guiado de documentos históricos sinxelos...

Ditas probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, entendendo que o aprobado se sitúa no 5. Para poder obter unha cualificación positiva, é preciso que se realice como mínimo a metade da parte conceptual e a metade da parte procedimental, é dicir, non se poderá deixar en branco toda a parte práctica, ou toda a parte teórica. En caso contrario, a proba será avaliada cun 4.

En caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non idóneos (“chuletas”), procederase a retirar o exame e puntuar cun cero (0) dita proba.

De igual xeito, durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, implicará a retirada da proba e a cualificación desta cun cero (0).

**A nota media destas probas suporán o 70 % da nota final de trimestre.**

b) os traballos realizados polo alumno/a tendo en conta:

* a correcta execución das actividades feitas no caderno, cunha presentación nunhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade e composición correctas

* a valoración de pequenos traballos de investigación, redaccións ou calquera outro tipo de exercicios propostos polo docente para a súa realización fora da aula

**A nota destes traballos suporá o 20 % da nota final de trimestre. Un 15 % destinarase a traballos obrigatorios, e outro 5 % a traballos voluntarios, en caso de propoñer tarefas optativas.**

Respecto ás tarefas a realizar, tanto de aula coma de fogar, a nota asignada, será proporcional ao traballo realizado é dicir: se nun trimestre se marcaron 10 exercicios, e o alumno/a só realizou 5, obtería 0´75 puntos no apartado de traballo.

Tanto nas probas coma nos traballos encargados, poderá restarse puntuación por faltas de ortografía, expresión e puntuación, en caso de que se produzan moitas, e sempre e cando a docente o crea necesario e eficaz para poder emendar a situación.

**No que se refire a contidos actitudinais, cun peso final do 10 %, terá unha valoración positiva:**

* o comportamento individual dentro da aula (respecto cara a compañeiros/as e profesorado, corrección na maneira de expresarse,...)

* as intervencións positivas na aula (na resolución dun exercicio, na resposta a unha pregunta, expoñer cuestións nas que se dubida e amosar interese pola materia...)

* a utilización axeitada do material de traballo propio, así como o de utilización xeral (libros, cadernos, dicionarios, mapas murais, equipos informáticos, instalacións...)

* e o esforzo, a través da realización do tarefas propostas tanto na aula como na casa.

En caso de que non se cumpran estas premisas por parte do alumnado, iránselle adxudicando “chamadas negativas”, que restarán do seguinte xeito:

Unha chamada respecto ao comportamento, restará 0,25 ptos.

Dúas chamadas respecto ao comportamento, restarán 0,5 ptos.

Tres ou catro chamadas respecto ao comportamento, restarán 0,75 ptos.

Cinco ou máis chamadas respecto ao comportamento, restarán 1 pto.

Ditas “chamadas negativas”, deberían ser anotadas nos cadernos ou axendas do alumnado ao que se lle rexistren, utilizando dita axenda como medio transmisor directo coas familias, para notificar esa ausencia de esforzo. Seranlle comunicadas igualmente, á respectiva titora ou titor do alumnado para que, sendo coñecedor de dita incidencia, poda á súa vez comunicarllo ás familias, en caso de que o alumnado non o estea facendo.

**A cualificación trimestral obterase realizando a nota media das probas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 70%, sumando despois a porcentaxe que lle corresponda segundo o traballo dentro dun 20%, e da actitude, dentro do 10% restante. Dita nota media realizarase, en caso de que a nota media das**

**probas sexa de, polo menos, catro puntos (4). En caso contrario, a cualificación trimestral será insuficiente.**

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

**A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.**

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha proba escrita de similares características que as trimestrais, e avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do trimestre a recuperar.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar un exame final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que consten como suspensas. En dita proba, avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

No período que vai dende a 3ª avaliación á avaliación ordinaria, levaranse a cabo tarefas de recuperación daquelas avaliacións suspensas que axuden ao alumnado a poder superalas, nunha última proba de recuperación realizada antes da sesión de avaliación ordinaria.

Ditas probas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán exercicios correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todos os exercicios dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que recuperar a 1ª avaliación, a través dunha proba de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao 1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a proba avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza aos pertinentes exames e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarase coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a proba o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a proba.

### 4.1.2.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

O proceso de avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os profesores irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

II. Avaliación Final: determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizala, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polo alumnado dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e a enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

Algúns dos indicadores de logro, poderían ser:

- o nivel de dificultade foi o adecuado para o alumnado
- conseguiuse motivar ao alumnado
- conseguiuse unha participación activa
- conseguiuse comunicación coa familia
- atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
- poténcianse estratexias que favorezan a consecución das competencias clave
- ofrécense os resultados o máis rapidamente posible e coméntanse

### 4.1.2.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Non se contempla, por ser esta unha materia que se imparte en 4º da ESO, e ser o curso de finalización de dita etapa.

### 4.1.2.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados

A data prevista para a avaliación inicial de 4º da ESO, é o 19 de outubro de 2022.

Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos.

Deste xeito, e tamén antes de comezar unha unidade didáctica, farase unha tormenta de ideas ou pequenas preguntas recordatorio, destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

A consecuencia dos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de ditas probas, adoptaranse as medidas oportunas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será as respectivas titoras/es, priorizando, tal e como se establece nas distintas ordes que rexen esta programación, os contactos a través das canles telemáticas.

Aínda que o curso pasado, se impartiron todos os contidos no 3º curso da ESO, e o alumnado chega cos obxectivos cumpridos e unha suficiente asimilación de contidos, procederase nos primeiros días do curso, a facer un repaso do impartido no último trimestre do curso anterior, para comprobar que, efectivamente, eses contidos están asimilados e afianzados para poder continuar coa aprendizaxe.

De tódolos xeitos, contémplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades do alumnado.

## 4.2. Economía

### 4.2.1. Economía de 4º da ESO

#### 4.2.1.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave

| Economía 4º ESO. 2º ciclo ESO | | |
|---|---|---|
| **Bloques de contidos** | **Obxectivos ESO** | **Competencias clave asociadas** |
| Bloque 1. Ideas económicas básicas | a, d, f, h, o | CCL, CSC, CAA, CD, CMCCT |
| Bloque 2. Economía e empresa | a, b, e, f, m, | CMCCT, CSIEE, CAA, CD, CCL, CSC |
| Bloque 3. Economía persoal | a, b, d, e, f, g, m | CAA, CD, CMCCT, CSIEE, CSC, CCL |
| Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | a, b, c, d, e, f, g, ñ | CMCCT, CSC, CD, CCL, CAA |
| Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | a, c, e, f | CCL, CSC, CMCCT, CD, CAA |
| Bloque 6. Economía internacional | a, e, f, m | CAA, CSC, CCL, CD |

#### 4.2.1.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, estándares mínimos e competencias clave

| **U.D. 1 Ideas económicas básicas** | | **Temporalización: 1 º trimestre**<br>**Sesións: 16** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>Principios na toma de decisións económicas.<br>Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.<br>O método na economía: modelos económicos.<br>Fronteira de posibilidades de produción.<br>As relacións económicas básicas e a súa representación. | - Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.<br>- Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.<br>- Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. | - Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía<br>- Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.<br>- Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía<br>- Diferenza entre economía positiva e economía normativa.<br>- Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas<br><br>- Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | 100 %<br>25 %<br>100 %<br>25 %<br>25 %<br>100 % | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CD<br>CMCCT |

| **U.D. 2 Economía e empresa** | | **Temporalización: 1 º trimestre**<br>**Sesións: 16** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A empresa e o/a empresario/a.<br>Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>Clases de empresas.<br>Formas xurídicas da empresa.<br>Proceso produtivo e factores produtivos.<br>Sectores da actividade económica. | - Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas<br>- Analizar as características principais do proceso produtivo.<br>- Identificar as fontes de financiamento das empresas.<br>- Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio<br>- Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | - Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.<br>- Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas<br>- Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.<br>- Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía<br>- Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.<br>- Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferenza o financiamento externo e o interno, a curto e a | 100 %<br>25 %<br>50 %<br>50 %<br>100 % | CMCCT<br>CSIEE<br>CAA<br>CD<br>CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.<br>Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>Resultados da empresa.<br>Obrigas fiscais das empresas. | | longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | 100 % | |
| | | - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | 100 % | |
| | | - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | 50 % | |
| | | - Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | 25 % | |

| **U.D. 3 Economía persoal** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 15** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>Xestión do orzamento.<br>Obxectivos e prioridades.<br>Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.<br>Aforro e endebedamento.<br>Os plans de pensións.<br>Risco e diversificación.<br>O diñeiro.<br>Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>Relacións no | - Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.<br>- Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.<br>- Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.<br>- Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.<br>- Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | - Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | 100 % | CAA<br>CD<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CSC<br>CCL |
| | | - Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | 25 % | |
| | | - Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | 25 % | |
| | | - Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. | 100 % | |
| | | - Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | 50 % | |
| | | - Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento | 100 % | |
| | | - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | 50 % | |
| | | - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas | 100 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| mercado financeiro: información e negociación. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | | que se derivan delas<br><br>- Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.<br><br>- Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias<br><br>- Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | 100 %<br>25 %<br>25 % | |

| **U.D. 4 Economía e ingresos e gastos do Estado** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 15** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.<br>A débeda pública e o déficit público.<br>Desigualdades económicas e distribución da renda. | - Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.<br>- Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.<br>- Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | 100 % | CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA |
| | | - Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | 25 % | |
| | | - Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | 100 % | |
| | | - Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | 100 % | |

| **U.D. 5 Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 13** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Tipos de xuro.<br>Inflación.<br>Consecuencias dos cambios nos | - Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | - Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | 100 % | CCL<br>CSC<br>CMCCT<br>CD |
| | | - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | 50 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| tipos de xuro e inflación. Desemprego: clasificación e consecuencias. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. Perspectivas da ocupación. | - Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | - Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | 50 % | CAA |
| | | - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | 100 % | |
| | | - Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego | 100 % | |
| | | - Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | 100 % | |

| **U.D. 6 Economía internacional** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 13** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Globalización económica. Comercio internacional. Integración económica e monetaria europea. Economía e ambiente: sustentabilidade. | - Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | - Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | 100 % | CAA<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| | | - Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | 100 % | |
| | | - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | 25 % | |
| | | - Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | 100 % | |
| | | - Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | 100 % | |

### 4.2.1.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

#### 4.2.1.3.1. Procedementos

En canto ó sistema de avaliación, a metodoloxía será variada; primarase a observación diaria na aula: realización ou non dos traballos e tarefas encomendadas, dificultades, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc.

Esta completarase coa análise das producións individuais e grupais esixidas ó longo das unidades, elaboración de documentos de distinto tipo, pequenos traballos de investigación...

Por último, faranse probas escritas de carácter sumativo para comprobar o grao de adquisición de determinados estándares dificilmente avaliables por outras vías.

O fundamental é ter presente que a finalidade da avaliación é ser formativa; trátase de detectar en cada intre como se adapta o alumnado individualmente ó proceso de ensinanza - aprendizaxe previsto, e corrixir de forma inmediata os fallos do mesmo.

Para iso tamén é importante escoitar ó alumnado, que sexan eles os que avalíen o seu traballo, o dos compañeiros e o do profesorado. Poderá conseguirse isto último, a través do uso de rúbricas, postas a disposición de ambas partes do proceso de ensinanza - aprendizaxe (alumnado - profesorado), de doada aplicación en tarefas de carácter expositivo ou nas probas parciais.

### 4.2.1.3.2. Instrumentos

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida do alumnado, e as súas posibles carencias e necesidades.

- Elaboración dun caderno de clase no que deben aparecer tanto os apuntes tomados na clase, como os exercicios realizados.

- Traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos; elaboración e comentarios de gráficas; comentarios de imaxes artísticas; proxectos; traballos monográficos; lectura e recesións de fragmentos de textos, ou textos completos; etc...)

- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula.

- Probas escritas, normalmente ó rematar cada unidade, ou de cada dúas, que se axustarán aos estándares de aprendizaxe de cada unidade didáctica. Que poderán conter exercicios de distintos tipos, como por exemplo:

* preguntas de elección múltiple
* preguntas de asociación ou correspondencia
* preguntas alternativas: correcto/incorrecto, verdadeiro/falso, si/non, etc.
* preguntas de resposta curta
* preguntas de resposta elaborada

### 4.2.1.4. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na materia.

Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos. Para iso, farase unha lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente.

Esta explicación, poderá verse enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Esta materia facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que eles/as coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese.

Dentro do posible tentarase facer algunha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula: coñecer unha industria ou unha estrutura agraria, visita a un museo de arte contemporánea, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlles ó alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos.

#### 4.2.1.5. Materiais e recursos didácticos

Para esta materia, non se fixou ningún libro de texto, dado que ningunha editorial o publicou en galego. Non obstante, o docente, poderá repartir material fotocopiado ou elaborar o seu propio, para utilizar na aula.

O alumnado precisará doutros materiais complementarios, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, mapas, estatísticas, gráficos, etc... que en cada momento lles serán indicados polo profesorado.

Ademais, dada a importancia social que teñen os medios de comunicación na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da prensa escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc...

Outro tanto podemos dicir dos medios audiovisuais tradicionais (DVD, lector de CD, encerado dixital) e das novas tecnoloxías da información e a comunicación que resultan especialmente motivadores no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe de tarefas específicas. Destacaremos o uso de Internet como fonte de información e como recurso didáctico.

### 4.2.1.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe

**Para obter a cualificación en cada avaliación valoraranse os contidos conceptuais máis os procedimentais nun 90%, e os contidos actitudinais nun 10%.**

Tanto os contidos procedimentais, coma os contidos actitudinais, están baseados nas competencias clave, nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En relación aos estándares de aprendizaxe establécense os seguintes graos de concreción:

Excelente: o alumnado comprendeu e executou de forma global, clara e con detalle os termos do estándar de aprendizaxe sen ningún tipo de erro nin omisión.

Bo: o alumnado comprendeu e executou de forma global e clara os termos do estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión non substancial.

Elemental: o alumnado comprendeu e executou de forma básica o estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión.

Insuficiente: o alumnado non comprendeu nin executou o estándar de aprendizaxe presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais.

Non realizado: o alumnado non executou o estándar de aprendizaxe.

Establécese unha correspondencia numérica entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes.

Cada estándar será cualificado segundo a seguinte relación:

| Grao de concreción | Excelente | Bo | Elemental | Insuficiente | Non realizado |
|---|---|---|---|---|---|

| Cualificación | 4/4 | 3/4 | 2/4 | 1/4 | 0 |
|---|---|---|---|---|---|

Deste xeito, poderase aplicar, tanto aos instrumentos de avaliación para os contidos conceptuais, coma os procedimentais. Por exemplo, se unha pregunta dunha proba escrita se puntúa sobre 1, o grao de concreción do estándar avaliado, estará entre 0 – 0,25 – 0,5 – 0,75 ou 1, aplicando a relación anterior.

Os instrumentos empregados para valorar os contidos conceptuais e procedimentais serán dous:

a) as probas escritas realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Haberá as probas que o docente considere necesarias, preferentemente dúas, abranguendo a materia de dous temas cada unha delas preferentemente, que poderán ter dúas partes:

Unha primeira parte será de carácter conceptual, e consistirá na definición de conceptos ou no desenvolvemento de cuestións e temas, a modo de redaccións, nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais.

Unha segunda parte terá carácter procedimental, e consistirá na realización de exercicios diversos: elaboración de resumos e esquemas, identificación e comentario de gráficas, supostos prácticos centrados na ciencia económica...

Ditas probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, entendendo que o aprobado se sitúa no 5. Para poder obter unha cualificación positiva, é preciso que se realice como mínimo a metade da parte conceptual e a metade da parte procedimental, é dicir, non se poderá deixar en branco toda a parte práctica, ou toda a parte teórica. En caso contrario, a proba será avaliada cun 4.

En caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non idóneos (“chuletas”), procederase a retirar o exame e puntuar cun cero (0) dita proba.

De igual xeito, durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, implicará a retirada da proba e a cualificación desta cun cero (0).

**A nota media destas probas suporán o 50 % da nota final de trimestre.**

b) os traballos realizados polo alumno/a tendo en conta:

* a correcta execución das actividades feitas no caderno, cunha presentación nunhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade e composición correctas

* a valoración de pequenos traballos de investigación, redaccións ou calquera outro tipo de exercicios propostos polo docente para a súa realización fora da aula

**A nota destes traballos suporá o 40 % da nota final de trimestre.**

Tanto nas probas coma nos traballos encargados, poderá restarse puntuación por faltas de ortografía, expresión e puntuación, en caso de que se produzan moitas, e sempre e cando a docente o crea necesario e eficaz para poder emendar a situación.

**No que se refire a contidos actitudinais, cun peso final do 10 %, terá unha valoración positiva:**

* o comportamento individual dentro da aula (respecto cara a compañeiros/as e profesorado, corrección na maneira de expresarse,...)

* as intervencións positivas na aula (na resolución dun exercicio, na resposta a unha pregunta, expoñer cuestións nas que se dubida e amosar interese pola materia...)

* a utilización axeitada do material de traballo propio, así como o de utilización xeral (libros, cadernos, dicionarios, mapas murais, equipos informáticos, instalacións...)

* e o esforzo, a través da realización do tarefas propostas tanto na aula como na casa.

En caso de que non se cumpran estas premisas por parte do alumnado, iránselle adxudicando "chamadas negativas", que restarán do seguinte xeito:

Unha chamada respecto ao comportamento, restará 0,25 ptos.

Dúas chamadas respecto ao comportamento, restarán 0,5 ptos.

Tres ou catro chamadas respecto ao comportamento, restarán 0,75 ptos.

Cinco ou máis chamadas respecto ao comportamento, restarán 1 pto.

Ditas "chamadas negativas", deberían ser anotadas nos cadernos ou axendas do alumnado ao que se lle rexistren, utilizando dita axenda como medio transmisor directo coas familias, para notificar esa ausencia de esforzo. Seranlle comunicadas igualmente, á respectiva titora ou titor do alumnado para que, sendo coñecedor de dita incidencia, poda á súa vez comunicarllo ás familias, en caso de que o alumnado non o estea facendo.

**A cualificación trimestral obterase realizando a nota media das probas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 50%, sumando despois a porcentaxe que lle corresponda segundo o traballo dentro dun 40%, e da actitude, dentro do 10% restante. Dita nota media realizarase, en caso de que a nota media das probas sexa de, polo menos, catro puntos (4). En caso contrario, a cualificación trimestral será insuficiente.**

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

**A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.**

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada.

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente).

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente).

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha proba escrita de similares características que as trimestrais, e avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do trimestre a recuperar.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar un exame final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que consten como suspensas. En dita proba, avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

No período que vai dende a 3ª avaliación á avaliación ordinaria, levaranse a cabo tarefas de recuperación daquelas avaliacións suspensas que axuden ao alumnado a poder superalas, nunha última proba de recuperación realizada antes da sesión de avaliación ordinaria.

Ditas probas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán exercicios correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todos os exercicios dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que recuperar a 1ª avaliación, a través dunha proba de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao 1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a proba avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza aos pertinentes exames e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarase coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a proba o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a proba.

#### 4.2.1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

O proceso de avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os profesores irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

II. Avaliación Final: determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizala, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polo alumnado dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e a enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

Algúns dos indicadores de logro, poderían ser:

- o nivel de dificultade foi o adecuado para o alumnado
- conseguiuse motivar ao alumnado
- conseguiuse unha participación activa
- conseguiuse comunicación coa familia
- atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
- poténcianse estratexias que favorezan a consecución das competencias clave
- ofrécense os resultados o máis rapidamente posible e coméntanse

#### 4.2.1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Non se contempla, por ser esta unha materia que só se imparte en 4º da ESO, e ser o curso de finalización da ESO.

#### 4.2.1.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados

A data prevista para a avaliación inicial de 4º da ESO, é o 19 de outubro de 2022.

Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos.

Deste xeito, e tamén antes de comezar unha unidade didáctica, farase unha tormenta de ideas ou pequenas preguntas recordatorio, destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

A consecuencia dos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de ditas probas, adoptaranse as medidas oportunas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será as respectivas titoras/es, priorizando, tal e como se establece nas distintas ordes que rexen esta programación, os contactos a través das canles telemáticas.

De tódolos xeitos, contémplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades do alumnado.

## 4.3. Valores Éticos

### 4.3.1. Valores Éticos de 2º da ESO

#### 4.3.1.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave

| Valores Éticos 2º ESO. 1º ciclo ESO | | |
|---|---|---|
| **Bloques de contidos** | **Obxectivos ESO** | **Competencias clave asociadas** |
| Bloque 1. A dignidade da persoa | a, b, c, d, h, l | CAA, CCL, CSC |
| Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | a, b, e, g, h, | CD, CCL, CSC, CSIEE |
| Bloque 3. A reflexión ética | a, b, c, d, e, g, h, l | CSC, CCL, CSIEE, CCEC, CAA, CSIEE |
| Bloque 4. A xustiza e a política | a, b, e, g, h, l | CCEC, CAA, CSIEE, CD, CSCCCL |
| Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | b, e, h | CCL, CD |
| Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía. | a, b, d, e, f, g, h, m | CAA, CD, CCL, CMCCT, CSC, CSIEE |

#### 4.3.1.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, estándares mínimos e competencias clave

| **U.D. 1 Adolescentes imposibles?** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 6** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Que é ser adolescente?<br>Mozos comprometidos<br>A formación dos adolescentes | - Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da | - Adquire habilidades e estratexias de xeito progresivo que lle permiten tomar decisións adecuadas no seu desenvolvemento para ampliar a súa autonomía persoal. | 50 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD<br>CSIEE |
| | | - Expresa ideas e opinións persoais sobre os trazos que definen a adolescencia, as súas características e as súas limitacións. | 100 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| O respecto<br>As emocións e o equilibrio persoal<br>O respecto e o equilibrio persoal | necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.<br>- Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.<br>- Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.<br>- Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.<br>- Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima. | - Identifica estereotipos que determinan aos adolescentes e reflexiona sobre a construción social dunha imaxe negativa da adolescencia. | 100 % | |
| | | - Adquire ferramentas que lle permiten identificar e valorar trazos da súa personalidade para crear de xeito progresivo unha imaxe axustada e positiva de si mesmo. | 100 % | |
| | | - Explica a importancia de ter desexos, tomar decisións, marcarse obxectivos e metas, planificar formas de actuación e asumir responsabilidades para alcanzalos. | 50 % | |
| | | - Mostra actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade na aprendizaxe e na realización de tarefas e traballos individuais e/ou de grupo. | 100 % | |
| | | - Expresa e mostra, por iniciativa propia, actitudes de respecto, solidariedade, honestidade e autonomía. | 100 % | |
| | | - Expresa desexos, metas e obxectivos propios. | 50 % | |
| | | - Expresa opinións sobre as calidades dun bo profesor, describe a súa relación persoal cos profesores e/ou explica como lle gustaría que fose. | 50 % | |
| | | - Expón exemplos e reflexións de casos en que existe unha relación entre o acatamento das normas, o medo ás consecuencias, e/ou o respecto aos demais. | 100 % | |
| | | - Identifica e expresa consecuencias a curto, medio e longo prazo da toma de decisións en situacións reais ou ficticias. | 50 % | |

| **U.D. 2 Intelixentes e guapos?** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 5** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Atributos incompatibles<br>O canon de beleza<br>A importancia da imaxe<br>A beleza interior<br>O coidado dun mesmo<br>Os estereotipos | - Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.<br>- Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa | - Adquire habilidades e estratexias de xeito progresivo que lle permiten tomar decisións adecuadas no seu desenvolvemento para ampliar a súa autonomía persoal. | 50 % | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE<br>CMCCT |
| | | - Identifica e explica aspectos que, segundo o seu criterio, resultan máis preocupantes para os adolescentes acerca da súa imaxe exterior. | 100 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| sexuais<br>Os valores éticos como beleza interior<br>Hábitos en beleza exterior e interior | finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta. | - Expón reflexións e conclusións propias sobre as formas en que a opinión dos demais inflúe sobre o auto concepto que as persoas adolescentes teñen de si mesmas. | 50 % | |
| | - Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal. | - Explica a importancia da saúde e do coidado do corpo no desenvolvemento da personalidade. | 100 % | |
| | - Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar «como quere ser» elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade. | - Expón reflexións sobre as causas e as consecuencias dos trastornos alimentarios. | 100 % | |
| | - Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.<br>- Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais. | - Adquire ferramentas que lle permiten identificar e valorar trazos da súa personalidade para crear de xeito progresivo unha imaxe axustada e positiva de si mesmo. | 50 % | |
| | | - Expón reflexións sobre a importancia da beleza interior sobre a exterior, e sobre as formas en que ambas poden traballarse. | 50 % | |
| | - Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora. | - Realiza unha lista daqueles valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, explicando as razóns da súa elección. | 50 % | |
| | | - Valora actitudes de perseveranza, espírito de superación e solidariedade das persoas. | 50 % | |
| | - Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización. | - Mostra actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade na aprendizaxe e na realización de tarefas e traballos individuais e/ou de grupo. | 100 % | |
| | - Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos | - Expresa os seus coñecementos, as súas opinións, as súas decisións, as súas valoracións, as súas emocións e os seus sentimentos de forma asertiva, con empatía e respecto, e empregando unha linguaxe positiva. | 50 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH. | - Utiliza e selecciona información acerca dos valores éticos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións que hai entre eles. | 100 % | |
| | | - Valora a importancia da reflexión sobre os valores éticos e expón os seus motivos. | 100 % | |

| U.D. 3 Inmigrantes conflitivos? | | Temporalización: 2º trimestre<br>Sesións: 5 | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Como vemos aos inmigrantes?<br>Pode pasarlle a calquera<br>Os dereitos das persoas<br>Que diferenza hai entre o legal e o moral?<br>O contrato social<br>A dignidade e a situación do inmigrante<br>Os dereitos humanos | - Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.<br>- Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar «como quere ser» elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.<br>- Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.<br>- Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.<br>- Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.<br>- Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social<br>- Resaltar a importancia dos valores | - Adquire habilidades e estratexias de xeito progresivo que lle permiten tomar decisións adecuadas no seu desenvolvemento para ampliar a súa autonomía persoal. | 50 % | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD<br>CSIEE |
| | | - Reflexiona arredor dos dilemas éticos partindo da experiencia persoal e tendo en conta as emocións que xeran. | 100 % | |
| | | - Mostra actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade na aprendizaxe e na realización de tarefas e traballos individuais e/ou de grupo. | 100 % | |
| | | - Expresa e mostra, por iniciativa propia, actitudes de respecto, solidariedade, honestidade, e autonomía. | 100 % | |
| | | - Expón información e reflexións propias, a partir dos casos dados, arredor da imaxe do colectivo migrante na música e no cinema, facendo valoracións sobre a súa contribución ás relacións interculturais, solidarias e cooperativas. | 50 % | |
| | | - Expón reflexións arredor da problemática dos desafiuzamentos en España e as súas consecuencias | 100 % | |
| | | - Fai hipóteses empáticas e respectuosas sobre as situacións e as dificultades que atravesan as persoas migrantes e desprazadas, e sobre as causas e as consecuencias dos movementos migratorios. | 100 % | |
| | | - Valora a importancia da reflexión sobre os valores éticos e expón os seus motivos. | 50 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.<br>- Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.<br>- Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH. | - Valora as actitudes e as iniciativas solidarias que contribúen a unha convivencia intercultural, solidaria e xusta.<br>- Causas e as consecuencias das actitudes intolerantes e as reaccións de odio racial e violencia. Formas de previr actitudes que derivan neste tipo de discursos.<br>- Busca, selecciona, organiza e expón información sobre o Holocausto.<br>- Expón conclusións críticas propias sobre a orixe e a consecuencias do discurso nazi, as súas vítimas e os seus beneficiarios.<br>- Expón opinións e conclusións propias, oralmente ou por escrito sobre as formas en que a televisión aborda o tratamento dos estereotipos e dos prexuízos relacionados co colectivo migrante, e expresa hipóteses sobre as consecuencias individuais e sociais das devanditas estratexias. | 50 %<br>100 %<br>100 %<br>50 %<br>100 % | |

| **U.D. 4 Millonarios ou emprendedores?** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 5** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Ricos e ambiciosos<br>Solidariedade e filantropía<br>A iniciativa do compromiso<br>A toma de decisións<br>Liderado e traballo en grupo<br>Proactividade e iniciativa<br>Colaboración no traballo en grupo | - Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.<br>- Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas<br>- Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano<br>- Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia<br>- Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública<br>Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais,<br>- Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas | - Adquire habilidades e estratexias de xeito progresivo que lle permiten tomar decisións adecuadas<br>- Expón reflexións sobre o seu propio espírito de superación<br>- Explica a iniciativa e o espírito emprendedor<br>- Valora actitudes de perseveranza, espírito de superación<br>- Valora as formas de motivación e automotivación<br>- Mostra actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade<br>- Mostra actitude de aceptación adecuada e exercer o autocontrol<br>- Mostra autonomía e perseveranza<br>- Valora as actitudes de iniciativa e emprendemento persoal<br>- Reflexiona sobre a toma de decisións en situacións de conflito | 50 %<br>100 %<br>100 %<br>50 %<br>50 %<br>100 %<br>50 %<br>50 %<br>100 %<br>50 %<br>50 % | CSC<br>CSIEE<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - Distinguir entre ética e moral<br>-Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza | - Achega reflexións sobre as emocións contraditorias<br>- Mostra actitudes de empatía, respecto, cooperación, escoita activa e interese cara a todas as persoas<br>- Valora a importancia da reflexión<br>- Expón reflexións en torno ao emprendemento social<br>- Expón reflexións arredor dos motivos polos que no mundo empresarial hai máis homes que mulleres. | 100 %<br>50 %<br>100 %<br>50 % | |

| **U.D. 5 Funcionarios comprometidos?** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 4** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe**<br>**Estándares mínimos** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Que sabemos dos funcionarios?<br>Funcionarios ao servizo da sociedade<br>A importancia das institucións<br>A honradez<br>O teu compromiso<br>Respecto nas relacións persoais | - Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible<br>- Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano<br>- Analizar en que consiste a intelixencia emocional<br>- Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural<br>- Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública<br>- Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais,<br>- Distinguir entre ética e moral<br>- Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa,<br>- Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia,<br>- Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza | - Mostra actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade<br>- Expresa e mostra actitudes de respecto, solidariedade, honestidade, e autonomía<br>- Explica en que consiste o traballo dos funcionarios e que hai que facer para selo.<br>- Valora a importancia do funcionariado público recoñecendo e argumentando a necesidade do seu labor fundamental en sociedade.<br>- Mostra actitudes de empatía, respecto, cooperación<br>- Elabora e expresa unha autoavaliación da súa competencia cívica<br>- Expón hipóteses acerca dunha situación ficticia sobre a desaparición do funcionariado expondo consecuencias<br>- Participa de forma cooperativa na elaboración e na exposición dun mural sobre a actualidade política española no que se reflicten distintas problemáticas relacionadas coa xustiza, e exhibe e explica a pluralidade de opinións.<br>- Participa na organización e exposición dun debate sobre os colectivos máis prexudicados polos recortes na sociedade española actual. | 100 %<br>100 %<br>50 %<br>100 %<br>50 %<br>100 %<br>50 %<br>50 %<br>100% | CSC<br>CSIEE<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| **U.D. 6 Científicos tolos?** | | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 5** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe**<br>**Estándares mínimos** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Que sabemos dos | - Construír un concepto de persoa | - Valora actitudes de perseveranza, espírito de superación e | 50 % | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| científicos?<br>O científico anónimo<br>Os apaixonados da ciencia<br>Actitude ante os avances científicos<br>Visión de futuro<br>A constancia | - Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano<br>- Analizar en que consiste a intelixencia emocional<br>- Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural<br>- Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais<br>- Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía<br>- Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce. | solidariedade das persoas.<br>- Mostra actitudes de esforzo, perseveranza e responsabilidade | 100 % | CSIEE<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | - Identifica e explica estereotipos sobre os científicos | 100 % | |
| | | - Mostra actitudes de empatía, respecto, cooperación, escoita activa e interese | 100 % | |
| | | - Exprésase con sinceridade e claridade e esfórzase por facerse entender | 50 % | |
| | | - Identifica e define as actitudes morais arredor das novas tecnoloxías (tecnofobia, tecnofilia e tecnorresponsabilidade), e expón opinións persoais sobre elas. | 100 % | |
| | | - Localiza, selecciona, organiza e expón información sobre noticias a favor e en contra dos avances científicos e as novas tecnoloxías | 100 % | |
| | | - Explica o significado da ética científica subliñando a necesidade de pór límites éticos e morais ao desenvolvemento científico e tecnolóxico. | 50 % | |
| | | - Expón reflexións sobre as armas de destrución masiva e outros casos en que a ciencia e a tecnoloxía son contrarios aos valores éticos e aos dereitos humanos e ambientais. | 100 % | |

### 4.3.1.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

#### 4.3.1.3.1. Procedementos

En canto ó sistema de avaliación, a metodoloxía será variada; primarase a observación diaria na aula: realización ou non dos traballos e tarefas encomendadas, dificultades, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc.

Esta completarase coa análise das producións individuais e grupais esixidas ó longo das unidades, elaboración de documentos de distinto tipo, pequenos traballos de investigación...

Por último, faranse probas escritas de carácter sumativo para comprobar o grao de adquisición de determinados estándares dificilmente avaliables por outras vías.

O fundamental é ter presente que a finalidade da avaliación é ser formativa; trátase de detectar en cada intre como se adapta o alumnado individualmente ó proceso de ensinanza - aprendizaxe previsto, e corrixir de forma inmediata os fallos do mesmo.

Para iso tamén é importante escoitar ó alumnado, que sexan eles os que avalíen o seu traballo, o dos compañeiros e o do profesorado. Poderá conseguirse isto último, a través do uso de rúbricas, postas a disposición de ambas partes do proceso de ensinanza - aprendizaxe

(alumnado - profesorado), de doada aplicación en tarefas de carácter expositivo ou nas probas parciais.

### 4.3.1.3.2. Instrumentos

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida do alumnado, e as súas posibles carencias e necesidades.

- Elaboración dun caderno de clase no que deben aparecer tanto os apuntes tomados na clase, como os exercicios realizados.

- Traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos; elaboración e comentarios de gráficas; proxectos; traballos monográficos; lectura e recesións de fragmentos de textos, ou textos completos; visionado e comentario de filmes...)

- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula.

- Probas escritas, que poderán facerse ao rematar cada unidade, ou de cada dúas, que se axustarán aos estándares de aprendizaxe de cada unidade didáctica. Que poderán conter exercicios de distintos tipos, como por exemplo:

* preguntas de elección múltiple
* preguntas de asociación ou correspondencia
* preguntas alternativas: correcto/incorrecto, verdadeiro/falso, si/non, etc.
* preguntas de resposta curta
* preguntas de resposta elaborada

### 4.3.1.4. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na materia.

Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos. Para iso, farase unha lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente.

Esta explicación, poderá verse enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Esta materia facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que eles/as coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlles ó alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos.

#### 4.3.1.5. Materiais e recursos didácticos

Aínda que existe unha grande variedade de recursos didácticos, os textos escritos continúan ocupando un lugar privilexiado.

Entre eles destacamos en primeiro lugar a presenza do libro de texto, como medio de consulta e recompilación de documentos.

Para segundo da ESO, non se escolleu un libro fixo, senón que a docente irá facilitando material, podendo ter algún libro de texto como referencia non fixa.

O alumnado precisará doutros materiais complementarios, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, etc... que en cada momento lles serán indicados polo profesorado.

Ademais, dada a importancia social que teñen os medios de comunicación na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da prensa escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc...

Outro tanto podemos dicir dos medios audiovisuais tradicionais (DVD, lector de CD, encerado dixital) e das novas tecnoloxías da información e a comunicación que resultan especialmente motivadores no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe de tarefas

específicas. Destacaremos o uso de Internet como fonte de información e como recurso didáctico.

#### 4.3.1.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe

**Para obter a cualificación en cada avaliación valoraranse os contidos conceptuais máis os procedimentais nun 70%, e os contidos actitudinais nun 30%.**

Tanto os contidos procedimentais, coma os contidos actitudinais, están baseados nas competencias clave, nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En relación aos estándares de aprendizaxe establécense os seguintes graos de concreción:

Excelente: o alumnado comprendeu e executou de forma global, clara e con detalle os termos do estándar de aprendizaxe sen ningún tipo de erro nin omisión.

Bo: o alumnado comprendeu e executou de forma global e clara os termos do estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión non substancial.

Elemental: o alumnado comprendeu e executou de forma básica o estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión.

Insuficiente: o alumnado non comprendeu nin executou o estándar de aprendizaxe presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais.

Non realizado: o alumnado non executou o estándar de aprendizaxe.

Establécese unha correspondencia numérica entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes.

Cada estándar será cualificado segundo a seguinte relación:

| Grao de concreción | Excelente | Bo | Elemental | Insuficiente | Non realizado |
|---|---|---|---|---|---|
| Cualificación | 4/4 | 3/4 | 2/4 | 1/4 | 0 |

Deste xeito, poderase aplicar, tanto aos instrumentos de avaliación para os contidos conceptuais, coma os procedimentais. Por exemplo, se unha pregunta dunha proba escrita se puntúa sobre 1, o grao de concreción do estándar avaliado, estará entre 0 – 0,25 – 0,5 – 0,75 ou 1, aplicando a relación anterior.

Os instrumentos empregados para valorar os contidos conceptuais e procedimentais poderán ser dous:

a) as probas escritas realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Haberá as probas que a docente considere necesarias, preferentemente dúas, abranguendo a materia de dous temas cada unha delas preferentemente, que poderán ter dúas partes:

Unha primeira parte será de carácter conceptual, e consistirá na definición de conceptos ou no desenvolvemento de cuestións e temas, a modo de redaccións, nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais.

Unha segunda parte terá carácter procedimental, e consistirá na realización de exercicios diversos: interpretación de mapas e gráficos, elaboración de resumos e esquemas, identificación e comentario de gráficas, identificación e comentario de imaxes, comentario guiado de documentos sinxelos...

Ditas probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, entendendo que o aprobado se sitúa no 5. Para poder obter unha cualificación positiva, é preciso que se realice como mínimo a metade da parte conceptual e a metade da parte procedimental, é dicir, non se poderá deixar en branco toda a parte práctica, ou toda a parte teórica. En caso contrario, a proba será avaliada cun 4.

En caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non idóneos ("chuletas"), procederase a retirar o exame e puntuar cun cero (0) dita proba.

De igual xeito, durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, implicará a retirada da proba e a cualificación desta cun cero (0).

b) os traballos realizados polo alumno/a tendo en conta:

* a entrega deles, xa que é obrigatoria

* a entrega dentro dos prazos estipulados

* a correcta execución das actividades feitas no caderno, cunha presentación nunhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade e composición correctas

**A nota media destas probas ou traballos encargados, suporán o 70 % da nota final de trimestre.**

Tanto nas probas coma nos traballos encargados, poderá restarse puntuación por faltas de ortografía, expresión e puntuación, en caso de que se produzan moitas, e sempre e cando a docente o crea necesario e eficaz para poder emendar a situación.

**No que se refire a contidos actitudinais, cun peso final do 30 %, terá unha valoración positiva:**

* o comportamento individual dentro da aula (respecto cara a compañeiros/as e profesorado, corrección na maneira de expresarse,...)

* as intervencións positivas na aula (na resolución dun exercicio, na resposta a unha pregunta, expoñer cuestións nas que se dubida e amosar interese pola materia...)

* a utilización axeitada do material de traballo propio, así como o de utilización xeral (libros, cadernos, dicionarios, mapas murais, equipos informáticos, instalacións...)

* e o esforzo, a través da realización do tarefas propostas tanto na aula como na casa.

En caso de que non se cumpran estas premisas por parte do alumnado, iránselle adxudicando "chamadas negativas", que restarán do seguinte xeito:

Unha chamada respecto ao comportamento, restará 0,75 ptos.

Dúas chamadas respecto ao comportamento, restarán 1,5 ptos.

Tres ou catro chamadas respecto ao comportamento, restarán 2,25 ptos.

Cinco ou máis chamadas respecto ao comportamento, restarán 3 ptos.

Ditas "chamadas negativas", deberían ser anotadas nos cadernos ou axendas do alumnado ao que se lle rexistren, utilizando dita axenda como medio transmisor directo coas familias, para notificar esa ausencia de esforzo. Seranlle comunicadas igualmente, á respectiva titora ou titor do alumnado para que, sendo coñecedor de dita incidencia, poda á súa vez comunicarllo ás familias, en caso de que o alumnado non o estea facendo.

**A cualificación trimestral obterase realizando a nota media das probas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 70%, sumando despois a porcentaxe que lle corresponda segundo a actitude, dentro do 30% restante. Dita nota media realizarase, en caso de que a nota media das probas sexa de, polo menos, tres puntos (3). En caso contrario, a cualificación trimestral será insuficiente.**

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente)

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente)

**A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.**

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente)

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente)

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha proba escrita de similares características que as trimestrais, ou entregaranse os traballos que non se entregaran no seu período correspondente, e avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do trimestre a recuperar.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar un exame final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que consten como suspensas. En dita proba, avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

No período que vai dende a 3ª avaliación á avaliación ordinaria, levaranse a cabo tarefas de recuperación daquelas avaliacións suspensas que axuden ao alumnado a poder superalas, nunha última proba de recuperación realizada antes da sesión de avaliación ordinaria.

Ditas probas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán exercicios correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todos os exercicios dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que recuperar a 1ª avaliación, a través dunha proba de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao

1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a proba avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza aos pertinentes exames e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarase coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a proba o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a proba.

#### 4.3.1.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

O proceso de avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os profesores irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

II. Avaliación Final: determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizala, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polo alumnado dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e a enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

Algúns dos indicadores de logro, poderían ser:

- o nivel de dificultade foi o adecuado para o alumnado
- conseguiuse motivar ao alumnado

- conseguiuse unha participación activa
- conseguiuse comunicación coa familia
- atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
- poténcianse estratexias que favorezan a consecución das competencias clave
- ofrécense os resultados o máis rapidamente posible e coméntanse

### 4.3.1.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

O alumnado coa materia pendente, teraa superada, no momento no que supere a do curso inmediatamente superior.

De tódolos xeitos e, en previsión de que non a supere por estes medios, debe cumprir o seguinte procedemento.

O alumnado con materias pendentes, terá a opción de escoller dous tipos de avaliación, segundo o crean conveniente.

Para a elección, enviarase unha circular ás súas familias a principio de curso explicando os dous procedementos, e deberá vir de volta asinada de conforme entenden os dous, están de acordo coa escolla feita polo alumnado e están ao tanto dos prazos de entrega en caso de entregar os boletíns periódicos.

Na primeira modalidade, combinarán a realización de traballos prácticos ó longo do curso que se recollerán periodicamente (novembro, xaneiro e marzo), con exames parciais e e un exame final que se levará a cabo no mes de maio, para poder recuperar algún dos parciais suspensos.

O programa de traballo, estará baseado nos contidos traballados polo alumnado durante o curso pasado. As actividades propostas serán divididas por unidades repartidas en caderniños de traballo. Unha vez realizadas serán entregadas, dentro dos prazos estipulados, para a súa corrección e puntuación.

O profesorado que imparta as respectivas materias, ou a xefatura de departamento, será o encargado de supervisar as distintas actividades de avaliación encamiñadas á superación da materia pendente, e resolverá as dúbidas que o alumnado poida presentar con respecto ós exercicios a entregar ou entregados.

A entrega correcta e dentro dos prazos previstos dos traballos encomendados ao alumnado, suporá un 40% da nota trimestral.

Os exames parciais que se realizarán trimestralmente, suporán o 60% restante da nota. Dito exame, versará sobre os contidos traballados nos caderniños de actividades trimestrais.

A cualificación final da materia pendente, obterase achando a nota media obtida en cada recuperación trimestral, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

Para que a materia se considere superada, deberá obter en total e como mínimo, cinco puntos (5). A materia cualificarase coma APTA ou NON APTA, consignando no XADE cinco puntos (5).

Na circunstancia de que o alumnado que escolleu a avaliación combinada, non fixese un ou dous dos cadernos, poderá acollerse á avaliación só por exame, para facilitarlle a superación da materia.

Igualmente, poderá presentarse ao exame de maio, para recuperar algunha das cualificacións trimestrais negativas.

A segunda modalidade, será a realización unicamente de exames parciais e outro exame final que se levará a cabo no mes de maio, para poder recuperar algún dos parciais suspensos. Estes exames ou probas, suporán o 100 % da nota final.

Buscamos deste xeito, que o alumnado poda escoller a modalidade que mellor se axeite ás súas capacidades e/ou circunstancias, e poda así, superar a materia pendente.

A cualificación final da materia pendente, obterase achando a nota media obtida en cada recuperación trimestral, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

Para que a materia se considere superada nesta modalidade, deberá obter como mínimo, cinco puntos (5). A materia cualificarase coma APTA ou NON APTA, consignando no XADE cinco puntos (5).

En calquera das dúas modalidades, en caso de cualificación negativa no mes de maio, o alumnado poderá presentarse a un exame de avaliación ordinaria en xuño. Ao alumnado que tivera escollida a modalidade de entrega de traballos trimestrais, conservaránselle as cualificacións positivas que obtivera nos distintos trimestres.

#### 4.3.1.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados

A data prevista para a avaliación inicial de 2º da ESO, é o 19 de outubro de 2022.

Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de

aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos.

Deste xeito, e tamén antes de comezar unha unidade didáctica, farase unha tormenta de ideas ou pequenas preguntas recordatorio, destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

A consecuencia dos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de ditas probas, adoptaranse as medidas oportunas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será as respectivas titoras/es, priorizando, tal e como se establece nas distintas ordes que rexen esta programación, os contactos a través das canles telemáticas.

De tódolos xeitos, contémplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades do alumnado.

### 4.3.2. Valores Éticos de 4º da ESO

#### 4.3.2.1. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos e competencias clave

| **Valores Éticos 4º ESO. 2º ciclo ESO** | | |
|---|---|---|
| **Bloques de contidos** | **Obxectivos ESO** | **Competencias clave asociadas** |
| Bloque 1. A dignidade da persoa | a, b, c, d, h | CSC, CCL, CAA |
| Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais | a, b, c, d, e, g, h | CCL, CD, CSIEE, CCEC |
| Bloque 3. A reflexión ética | a, b, c, d, e, g, h, m | CSC, CMCCT, CSIEE, CCL, CAA, CD |
| Bloque 4. A xustiza e a política | a, c, d, h, l | CSC, CAA |
| Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos | a, b, c, d, e, g, h | CCL, CSC, CCEC, CD |
| Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía | a, b, d, e, f, g, h, m | CAA, CMCCT, CSC, CSIEE |

#### 4.3.2.2. Contidos desenvoltos coa temporalización, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, estándares mínimos e competencias clave

| **U.D. 1 Dereitos e leis** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 6** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao** | **Competencias** |

| | | | mínimo | clave |
|---|---|---|---|---|
| A dignidade humana<br>A declaración de DDHH<br>Os dereitos de 1ª, 2ª e 3ª xeración | - Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.<br>- Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciables, tendo presente os problemas e deficiencias que existen na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os voluntarios que traballan pola defensa dos dereitos humanos. | - Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza | 100 % | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | - Analiza e comenta de forma razoada casos sobre a vulneración dos dereitos humanos en diferentes lugares e momentos da historia. | 50 % | |
| | | - Expresa e mostra, por iniciativa propia, actitudes de respecto, solidariedade, honestidade, responsabilidade e autonomía. | 100 % | |
| | | - Describe o proceso de recoñecemento de dereitos como inacabado e en proceso, e explica o seu desenvolvemento histórico identificando as tres xeracións de dereitos. | 100 % | |

| **U.D. 2 No eido privado** | | **Temporalización: 1º trimestre**<br>**Sesións: 5** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe**<br>**Estándares mínimos** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A historia da desigualdade<br>O camiño da igualdade entre homes e mulleres<br>As relacións familiares<br>O papel da terceira idade<br>A responsabilidade social | - Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.<br>- Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a | - Expón reflexións sobre a importancia da identidade na construción da personalidade e fai hipóteses sobre a influencia dos roles de xénero no desenvolvemento persoal. | 50 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CCEC<br>CD<br>CSC |
| | | - Expresa e mostra, por iniciativa propia, actitudes de respecto, solidariedade, honestidade, responsabilidade e autonomía. | 100 % | |
| | | - Analiza e comenta de forma razoada casos sobre a vulneración dos dereitos humanos das mulleres polo feito de ser mulleres. | 50 % | |
| | | - Explica a diferenza entre o ámbito público e o privado achegando reflexións sobre as estruturas familiares e os roles dos seus integrantes. | 100 % | |
| | | - Expón ideas e hipóteses arredor dos factores influentes nunha relación de parella. | 50 % | |
| | | - Expón opinións en torno ao tratamento que os medios de comunicación ofrecen sobre a violencia de xénero. | 50 % | |
| | | - Expón iniciativas e propostas que contribúan á igualdade | 100 % | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. | entre mulleres e homes no seu contexto próximo.<br>- Localiza, organiza, selecciona e expón información sobre organizacións de mulleres que traballan en prol dos dereitos humanos a nivel nacional ou internacional.<br>- Valora as actitudes de iniciativa e emprendemento persoal, participación social activa e cooperación, que contribúen a construír a xustiza, a igualdade de oportunidades e a defensa e a garantía de dereitos.<br>- Localiza, selecciona, organiza e expón información sobre mulleres que destacaron na historia de España pola súa contribución á defensa dos dereitos humanos | 50 %<br>50 %<br>100 % | |

| **U.D. 3 Ética e globalización** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 5** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Que é a globalización<br>Actitudes sobre a globalización<br>Cantos "mundos" hai? | - Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e o desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, reflexionando sobre o papel que deben ter a Ética e o Estado en relación con este tema.<br>- Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. | - Explica o concepto de socialización e socialización global.<br>- Explica o concepto de globalización integrando e relacionando factores económicos, políticos e culturais.<br>- Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos.<br>- Expón reflexións sobre a influencia dos medios de comunicación e as novas tecnoloxías no proceso da globalización e na exportación dun modelo hexemónico cultural imposto.<br>- Explica o impacto da globalización na contorna que lle rodea.<br>- Identifica e relaciona riscos e consecuencias da globalización e explica medidas de protección.<br>- Elabora unha análise crítica sobre as prácticas empresariais de diversas marcas.<br>- Localiza, selecciona, organiza e expón información sobre o comercio xusto expresando reflexións e conclusións sobre os beneficiarios e prexudicados de non respectar as leis laborais e comerciais.<br>- Asume hábitos de consumo crítico e responsable.<br>- Expón reflexións críticas arredor das relacións entre o comercio e o sistema financeiro, e a concentración do poder, a transformación do territorio, os conflitos armados, a satisfacción de necesidades, a produción crecente de desigualdades no acceso aos recursos e os medios de produción, a exportación dunha hexemonía cultural occidental, | 100 %<br>100 %<br>50 %<br>100 %<br>100 %<br>50 %<br>50 %<br>50 %<br>100 %<br>100 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CCEC<br>CD<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | e/ou a pegada e a débeda ecolóxica. | | |

| **U.D. 4 A comunicación** | | **Temporalización: 2º trimestre**<br>**Sesións: 5** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| A importancia da comunicación<br>O poder dos medios de comunicación na política e na moral<br>A regulación do dereito á información | - Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.<br>- Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade na que viven.<br>- Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.<br>- Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. | - Expresa e mostra, por iniciativa propia, actitudes de respecto, solidariedade, honestidade, responsabilidade e autonomía. | 100 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CCEC<br>CD<br>CSC |
| | | - Expón reflexións sobre a importancia do acceso á comunicación. | 100 % | |
| | | - Expón reflexións sobre os retos e os desafíos individuais e sociais aos que se enfrontan as persoas que padecen algunha dificultade, trastorno ou enfermidade relacionada coas capacidades de comunicación, tales como a xordeira, a cegueira etc. | 100 % | |
| | | - Valora as actitudes de empatía e integración que contribúen á garantía e á igualdade de dereitos. | 50 % | |
| | | - Explica o dereito das persoas á liberdade de pensamento e de expresión. | 100 % | |
| | | - Expón reflexións sobre se a tecnoloxía supuxo (ou non) un achegamento entre as persoas. | 50 % | |
| | | - Expón reflexións sobre o conflito entre a liberdade de expresión e o respecto a outras persoas. | 100 % | |
| | | - Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información, á intimidade e á liberdade de expresión. | 100 % | |
| | | - Expón reflexións sobre as maneiras nas que Internet pode condicionar as formas de aprender e transmitir información. | 50 % | |
| | | - Expón reflexións sobre a desigualdade no acceso á comunicación e os recursos tecnolóxicos, e sobre as súas causas e as súas consecuencias. | 50 % | |

| **U.D. 5 Menores soldados** | **Temporalización: 3º trimestre** |
|---|---|

| | Sesións: 5 | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Grao mínimo** | **Competencias clave** |
| Os dereitos dos nenos<br>A eficacia dos acordos e das institucións internacionais<br>A corte Internacional da Haia | - Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.<br>- Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade na que viven.<br>- Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean<br>- Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.<br>- Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos. | - Expresa e mostra, por iniciativa propia, actitudes de respecto, solidariedade, honestidade, responsabilidade e autonomía. | 50 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CCEC<br>CD<br>CSC |
| | | - Explica a violación dos dereitos dos menores soldado de forma reflexiva e crítica, identificando as causas e as consecuencias da vulneración. | 100 % | |
| | | - Identifica e expresa crenzas e costumes culturais que prexudican á infancia de forma directa ou indirecta | 50 % | |
| | | - Expón reflexións e ideas sobre a importancia dos deberes dos Estados na implantación e no cumprimento das leis e das políticas que contribúan de forma eficaz á protección dos dereitos da infancia. | 100 % | |
| | | - Localiza países onde se recrutan nenos soldados, ofrece información sobre o conflito armado ou a guerra en cada caso, e expón reflexións sobre os seus responsables. | 50 % | |
| | | - Participa na elaboración dun proxecto de sensibilización e compromiso solidario cara á situación dos nenos soldados. | 100 % | |
| | | - Participa na realización e dramatización dun curto que narra a situación dos nenos e das nenas da guerra. | 50 % | |
| | | - Identifica e explica iniciativas que apoian e contribúen á reinserción dos menores soldados. | 50 % | |

| **U.D. 6 Porfolio de valores** | **Temporalización: 3º trimestre**<br>**Sesións: 4** |
|---|---|

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| A dignidade da persoa<br>Conflitos éticos en ciencia, tecnoloxía, bioética e medio ambiente | - Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.<br>- Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.<br>- Recoñecer que, no mundo actual de grandes e rápidos cambios, a necesidade dunha regulación ética é fundamental,<br>- Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá,<br>- Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos<br>- Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH | - Expresa e mostra, por iniciativa propia, actitudes de respecto, solidariedade, honestidade, responsabilidade e autonomía. | 100 % | CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CCEC<br>CD<br>CSC |
| | | - Localiza selecciona, organiza e expón información sobre a euxenesia expondo reflexións arredor da súa influencia sobre a dignidade humana, e sobre os beneficios e os riscos que supón o control xenético. | 50 % | |
| | | - Expón reflexións críticas sobre as causas e as consecuencias das situacións discriminatorias ou de exclusión por motivos xenéticos, mostrando actitudes de respecto, empatía e integración cara a todas as persoas. | 50 % | |
| | | - Participa nun debate, e expón reflexións razoadas e críticas, sobre a experimentación científica con animais. | 100 % | |
| | | - Redacta unha lista de propostas que contribúen a coidar e protexer o medio ambiente no seu contorno próximo a nivel individual e colectivo. | 100 % | |
| | | - Identifica iniciativas e mecanismo de denuncia contra a vulneración de dereitos e ataques á dignidade das persoas, dos animais e do medio ambiente. | 50 % | |
| | | - Fai hipóteses sobre as causas e as consecuencias das condicións de desigualdade no acceso aos recursos naturais entre persoas, pobos e países, e sobre as influencias do desenvolvemento económico sobre o medio ambiente. | 50 % | |
| | | - Expón reflexións e conclusións razoadas e críticas sobre as implicacións éticas, sociais e ambientais dos avances en biotecnoloxía. | 100 % | |
| | | - Valora as ferramentas e as técnicas de observación e estudo científico que contribúen a comprender a contorna e protexer a sustentabilidade da vida. | 50 % | |
| | | - Valora a importancia da Declaración Universal do Xenoma e os Dereitos Humanos. | 100 % | |

### 4.3.2.3. Procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

#### 4.3.2.3.1. Procedementos

En canto ó sistema de avaliación, a metodoloxía será variada; primarase a observación diaria na aula: realización ou non dos traballos e tarefas encomendadas, dificultades, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc.

Esta completarase coa análise das producións individuais e grupais esixidas ó longo das unidades, elaboración de documentos de distinto tipo, pequenos traballos de investigación...

Por último, faranse probas escritas de carácter sumativo para comprobar o grao de adquisición de determinados estándares dificilmente avaliables por outras vías.

O fundamental é ter presente que a finalidade da avaliación é ser formativa; trátase de detectar en cada intre como se adapta o alumnado individualmente ó proceso de ensinanza - aprendizaxe previsto, e corrixir de forma inmediata os fallos do mesmo.

Para iso tamén é importante escoitar ó alumnado, que sexan eles os que avalíen o seu traballo, o dos compañeiros e o do profesorado. Poderá conseguirse isto último, a través do uso de rúbricas, postas a disposición de ambas partes do proceso de ensinanza - aprendizaxe (alumnado - profesorado), de doada aplicación en tarefas de carácter expositivo ou nas probas parciais.

### 4.3.2.3.2. Instrumentos

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida do alumnado, e as súas posibles carencias e necesidades.

- Elaboración dun caderno de clase no que deben aparecer tanto os apuntes tomados na clase, como os exercicios realizados.

- Traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos; elaboración e comentarios de gráficas; proxectos; traballos monográficos; lectura e recesións de fragmentos de textos, ou textos completos; visionado e comentario de filmes...)

- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula.

- Probas escritas, que poderán facerse ao rematar cada unidade, ou de cada dúas, que se axustarán aos estándares de aprendizaxe de cada unidade didáctica. Que poderán conter exercicios de distintos tipos, como por exemplo:

* preguntas de elección múltiple

* preguntas de asociación ou correspondencia

* preguntas alternativas: correcto/incorrecto, verdadeiro/falso, si/non, etc.

* preguntas de resposta curta

* preguntas de resposta elaborada

### 4.3.2.4. Concrecións metodolóxicas

Consideramos que neste nivel da educación obrigatoria é necesario priorizar as estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimulen o interese do alumnado polos temas tratados na materia.

Para iso, as Unidades Didácticas desenvolveranse por medio dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos. Para iso, farase unha lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente.

Esta explicación, poderá verse enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Esta materia facilita tamén o dar unha aplicación práctica ós temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que eles/as coñecen, e evitando que lles resulten afastados ou carentes de interese.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarase sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación daranse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentarase ademais atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas. Consideramos necesario permitirlles ó alumnado que afonden naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia, e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento dos contidos.

### 4.3.2.5. Materiais e recursos didácticos

Aínda que existe unha grande variedade de recursos didácticos, os textos escritos continúan ocupando un lugar privilexiado.

Entre eles destacamos en primeiro lugar a presenza do libro de texto, como medio de consulta e recompilación de documentos.

Para cuarto da ESO, non se escolleu un libro fixo, senón que a docente irá facilitando material, podendo ter algún libro de texto como referencia non fixa.

O alumnado precisará doutros materiais complementarios, como monografías, pequenas bibliotecas de aula, etc... que en cada momento lles serán indicados polo profesorado.

Ademais, dada a importancia social que teñen os medios de comunicación na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da prensa escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc...

Outro tanto podemos dicir dos medios audiovisuais tradicionais (DVD, lector de CD, encerado dixital) e das novas tecnoloxías da información e a comunicación que resultan especialmente motivadores no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe de tarefas específicas. Destacaremos o uso de Internet como fonte de información e como recurso didáctico.

#### 4.3.2.6. Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado en relación cos estándares de aprendizaxe

**Para obter a cualificación en cada avaliación valoraranse os contidos conceptuais máis os procedimentais nun 70%, e os contidos actitudinais nun 30%.**

Tanto os contidos procedimentais, coma os contidos actitudinais, están baseados nas competencias clave, nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En relación aos estándares de aprendizaxe establécense os seguintes graos de concreción:

Excelente: o alumnado comprendeu e executou de forma global, clara e con detalle os termos do estándar de aprendizaxe sen ningún tipo de erro nin omisión.

Bo: o alumnado comprendeu e executou de forma global e clara os termos do estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión non substancial.

Elemental: o alumnado comprendeu e executou de forma básica o estándar de aprendizaxe incorrendo en algún tipo de erro ou omisión.

Insuficiente: o alumnado non comprendeu nin executou o estándar de aprendizaxe presentando moitos erros significativos ou omisións substanciais.

Non realizado: o alumnado non executou o estándar de aprendizaxe.

Establécese unha correspondencia numérica entre o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e a cualificación deste tipo de saberes.

Cada estándar será cualificado segundo a seguinte relación:

| Grao de concreción | Excelente | Bo | Elemental | Insuficiente | Non realizado |
|---|---|---|---|---|---|
| Cualificación | 4/4 | 3/4 | 2/4 | 1/4 | 0 |

Deste xeito, poderase aplicar, tanto aos instrumentos de avaliación para os contidos conceptuais, coma os procedimentais. Por exemplo, se unha pregunta dunha proba escrita se puntúa sobre 1, o grao de concreción do estándar avaliado, estará entre 0 – 0,25 – 0,5 – 0,75 ou 1, aplicando a relación anterior.

Os instrumentos empregados para valorar os contidos conceptuais e procedimentais poderán ser dous:

a) as probas escritas realizadas durante o período de tempo que comprenda o trimestre. Haberá as probas que a docente considere necesarias, preferentemente dúas, abranguendo a materia de dous temas cada unha delas preferentemente, que poderán ter dúas partes:

Unha primeira parte será de carácter conceptual, e consistirá na definición de conceptos ou no desenvolvemento de cuestións e temas, a modo de redaccións, nas que se amose a asimilación dos contidos conceptuais.

Unha segunda parte terá carácter procedimental, e consistirá na realización de exercicios diversos: interpretación de mapas e gráficos, elaboración de resumos e esquemas, identificación e comentario de gráficas, identificación e comentario de imaxes, comentario guiado de documentos sinxelos...

Ditas probas escritas puntuaranse numericamente do 0 ao 10, entendendo que o aprobado se sitúa no 5. Para poder obter unha cualificación positiva, é preciso que se realice como mínimo a metade da parte conceptual e a metade da parte procedimental, é dicir, non se poderá deixar en branco toda a parte práctica, ou toda a parte teórica. En caso contrario, a proba será avaliada cun 4.

En caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non idóneos (“chuletas”), procederase a retirar o exame e puntuar cun cero (0) dita proba.

De igual xeito, durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou

uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, implicará a retirada da proba e a cualificación desta cun cero (0).

b) os traballos realizados polo alumno/a tendo en conta:

* a entrega deles, xa que é obrigatoria

* a entrega dentro dos prazos estipulados

* a correcta execución das actividades feitas no caderno, cunha presentación nunhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade e composición correctas

**A nota media destas probas ou traballos encargados, suporán o 70 % da nota final de trimestre.**

Tanto nas probas coma nos traballos encargados, poderá restarse puntuación por faltas de ortografía, expresión e puntuación, en caso de que se produzan moitas, e sempre e cando a docente o crea necesario e eficaz para poder emendar a situación.

**No que se refire a contidos actitudinais, cun peso final do 30 %, terá unha valoración positiva:**

* o comportamento individual dentro da aula (respecto cara a compañeiros/as e profesorado, corrección na maneira de expresarse,...)

* as intervencións positivas na aula (na resolución dun exercicio, na resposta a unha pregunta, expoñer cuestións nas que se dubida e amosar interese pola materia...)

* a utilización axeitada do material de traballo propio, así como o de utilización xeral (libros, cadernos, dicionarios, mapas murais, equipos informáticos, instalacións...)

* e o esforzo, a través da realización do tarefas propostas tanto na aula como na casa.

En caso de que non se cumpran estas premisas por parte do alumnado, iránselle adxudicando “chamadas negativas”, que restarán do seguinte xeito:

Unha chamada respecto ao comportamento, restará 0,75 ptos.

Dúas chamadas respecto ao comportamento, restarán 1,5 ptos.

Tres ou catro chamadas respecto ao comportamento, restarán 2,25 ptos.

Cinco ou máis chamadas respecto ao comportamento, restarán 3 ptos.

Ditas “chamadas negativas”, deberían ser anotadas nos cadernos ou axendas do alumnado ao que se lle rexistren, utilizando dita axenda como medio transmisor directo coas familias, para notificar esa ausencia de esforzo. Seranlle comunicadas igualmente, á respectiva titora ou titor do alumnado para que, sendo coñecedor de dita incidencia, poda á súa vez comunicarllo ás familias, en caso de que o alumnado non o estea facendo.

**A cualificación trimestral obterase realizando a nota media das probas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 70%, sumando despois**

**a porcentaxe que lle corresponda segundo a actitude, dentro do 30% restante. Dita nota media realizarase, en caso de que a nota media das probas sexa de, polo menos, tres puntos (3). En caso contrario, a cualificación trimestral será insuficiente.**

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente)

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente)

**A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.**

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente)

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente)

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha proba escrita de similares características que as trimestrais, ou entregaranse os traballos que non se entregaran no seu período correspondente, e avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do trimestre a recuperar.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar un exame final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que

consten como suspensas. En dita proba, avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

No período que vai dende a 3ª avaliación á avaliación ordinaria, levaranse a cabo tarefas de recuperación daquelas avaliacións suspensas que axuden ao alumnado a poder superalas, nunha última proba de recuperación realizada antes da sesión de avaliación ordinaria.

Ditas probas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán exercicios correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todos os exercicios dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que recuperar a 1ª avaliación, a través dunha proba de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao 1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a proba avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza aos pertinentes exames e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarase coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a proba o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a proba.

### 4.3.2.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

O proceso de avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os profesores irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

II. Avaliación Final: determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizala, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polo alumnado dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e a enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

Algúns dos indicadores de logro, poderían ser:

- o nivel de dificultade foi o adecuado para o alumnado
- conseguiuse motivar ao alumnado
- conseguiuse unha participación activa
- conseguiuse comunicación coa familia
- atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
- poténcianse estratexias que favorezan a consecución das competencias clave
- ofrécense os resultados o máis rapidamente posible e coméntanse

### 4.3.2.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Non se contempla, por ser esta unha materia que se imparte en 4º da ESO, e ser o curso de finalización de dita etapa.

### 4.3.2.9. Deseño da avaliación inicial e medidas que se podan adoptar como consecuencia dos resultados

A data prevista para a avaliación inicial de 4º da ESO, é o 19 de outubro de 2022.

Partiremos dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos.

Deste xeito, e tamén antes de comezar unha unidade didáctica, farase unha tormenta de ideas ou pequenas preguntas recordatorio, destinadas a enlazar o xa aprendido co que se vai a aprender.

A consecuencia dos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de ditas probas, adoptaranse as medidas oportunas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será as respectivas titoras/es, priorizando, tal e como se establece nas distintas ordes que rexen esta programación, os contactos a través das canles telemáticas.

De tódolos xeitos, contémplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades do alumnado.

## 5. Plan de continxencia en caso de confinamento debido á Covid – 19

Dispoñemos dun plan de continxencia no que se establecen as medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

Tódalas materias impartidas dende este departamento, serán facilmente adaptables ao caso de ensino non presencial, posto que se impartirán a través de medios virtuais, a través da plataforma EDIXGAL.

Os contidos continuarán sendo os mesmos, pero aplicaranse os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe considerados coma imprescindibles para a consecución de obxectivos e desarrollo das competencias clave asociadas.

### 5.1. Avaliación e cualificación

#### 5.1.1. Avaliación

A avaliación será a permitida dadas as circunstancias que obrigarían á ensinanza a distancia. Realizaranse actividades de xeito telemático, que se adecuarán na medida do posible ás capacidades dixitais do alumnado, tanto técnicas coma de destreza no uso das mesmas.

Poderán encargarse producións individuais e grupais, elaboración de documentos de distinto tipo, pequenos traballos de investigación... Tamén poderá realizarse algunha proba telemática para poder levala a cabo.

Polo tanto, poderán utilizarse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos; elaboración e comentarios de gráficas; comentarios de imaxes artísticas; proxectos; traballos monográficos; lectura e recesións de fragmentos de textos, ou textos completos; etc...)

- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, a través de distintas ferramentas on line que lle permite ao alumnado estar en contacto de xeito virtual.

- Probas telemáticas, que poderán ser realizadas de maneira oral a través da aplicación de vídeo - conferencia facilitada pola Consellería de Educación Webex – Cisco, ou escrita a través das plataformas educativas coma Edixgal ou a Aula Virtual do centro.

### 5.1.2. Cualificación

En canto á cualificación, procederase a unha adaptación da mesma, dándolle menos peso ás probas e máis ao traballo desenvolvido polo alumnado, en canto aos contidos conceptuais, e un maior peso final aos actitudinais, centrándose na "asistencia" activa a través das plataformas virtuais.

Procederase a cualificar pois, do seguinte xeito:

- Contidos conceptuais e procedimentais: 70 % en total, pero modificando o peso das probas e as tarefas. As probas terán un peso do 40 % (conservando o criterio de obtención de nota media mínima nelas), posto que é difícil apreciar se se realizan por parte do alumnado con tódalas garantías de autoría propia. Deste xeito, as distintas tarefas encargadas, pasarán a ter un peso dun 30 %.

- Contidos actitudinais: 30 % do total da nota; pasarán a ter un maior peso, debido a que a presencialidade verase interrompida, e o feito de que o alumnado faga un seguimento activo dende o seu domicilio, se implique e participe activamente, ha de terse moi en conta.

Tanto os contidos procedimentais, coma os contidos actitudinais, están baseados nas competencias clave, nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe, considerados coma mínimos para poder acadar os obxectivos e cumprir coas competencias clave.

A <u>cualificación trimestral</u> obterase realizando a nota media das probas que se foron realizando ao longo do trimestre, cun valor equivalente ao 70%, sumando despois a porcentaxe que lle corresponda segundo a actitude, dentro do 30% restante. Dita nota media realizarase, en caso de que a nota media das probas sexa de, polo menos, o establecido en cada materia para o ensino presencial. En caso contrario, a cualificación trimestral será insuficiente.

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente)

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente)

A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións, sempre e cando, ningunha delas fora cualificada con menos de 4. Nese caso, a cualificación final será insuficiente.

A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Como o rexistro da nota numérica en XADE, esixe o uso dun número enteiro, dita nota obterase coa utilización do redondeo:

- se a nota media obtida é un número enteiro, esa mesma será utilizada

- se a nota media obtida é un número decimal, redondearase ó enteiro superior no caso de que os decimais teñan un valor igual ou maior de cincuenta e cinco (exemplo: 6,55 ou 7,8 transcribiranse nas actas cun 7 ou un 8 respectivamente)

- redondearase ó enteiro inferior sen decimais no caso de que estes teñan un valor inferior a 55 (exemplo: 6,5 ou 7,3 transcribiranse como un 6 ou un 7 respectivamente)

Cando unha avaliación trimestral sexa negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para dita recuperación, realizarase unha proba telemática de similares características que as trimestrais, ou entregaranse os traballos que non se entregaran no seu período correspondente, e avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do trimestre a recuperar.

En caso de que tras a recuperación da avaliación, continúe con cualificación negativa, poderá realizar un exame final no mes de xuño, para recuperar aquelas avaliacións que consten como suspensas. En dita proba, avaliaranse os mesmos estándares de aprendizaxe que ao longo do ou dos trimestres a recuperar.

No período que vai dende a 3ª avaliación á avaliación ordinaria, levaranse a cabo tarefas de recuperación daquelas avaliacións suspensas que axuden ao alumnado a poder superalas, nunha última proba de recuperación realizada antes da sesión de avaliación ordinaria.

Ditas probas de recuperación trimestrais e de xuño, serán cualificadas coma APTA ou NON APTA. En caso de ser apta, coma nota numérica consignarase cun 5. En caso de non apta, consignarase a nota que xa se establecera na avaliación trimestral, para calcular a nota a recoller en XADE coma nota final ordinaria.

En ditas recuperacións, nas que aparecerán exercicios correspondentes á materia dos parciais trimestrais, deben completalos correctamente nun número proporcional, non podendo deixar en branco todos os exercicios dun parcial. Por exemplo, unha alumna/o que teña que recuperar a 1ª avaliación, a través dunha proba de 10 exercicios, onde cinco corresponden ao 1º parcial e cinco ao 2º parcial, non tería aprobado se só realizase os cinco primeiros; debe realizar, cando menos dous de cada. En caso contrario, a proba avaliarase coma non apta, e consignarase un 4.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza aos pertinentes exames e non xustifique a ausencia de maneira debida, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa nela, e consignarase coma un cero (0).

En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da docente, realizarase a proba o día da súa incorporación e, unha vez comprobada e aceptada a xustificación, procederase a cualificar a proba.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Neste nivel educativo é máis frecuente que nos cursos de primaria a existencia de alumnos e alumnas con moi diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses.

Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos. Por exemplo:

Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.

Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...

Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.

Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, de forma que o alumnado que non consigan algún obxectivo da etapa a través das materias de Xeografía e Historia, Valores Éticos ou Economía, poida facelo a través de outras.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outros contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes) tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Na avaliación procuraremos:

Deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:

1. Que recoñeza e identifique
2. Que analice e valore
3. Que analice e valore criticamente a información

Tentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios.

Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.
- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.
- Materiais non homoxéneos, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Agrupamentos flexibles, de forma que os alumnos poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de ritmos distintos, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Finalmente, para aqueles alumnos que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- Reforzos educativos, consistentes na explicación personalizada da materia coa realización de exercicios específicos. Os alumnos que precisen dun reforzo haberán de alcanzar en calquera caso os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.

- Adaptacións curriculares individualizadas, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesitasen.

## 7. Concreción dos elementos transversais

### a) Educación ambiental

O principal obxectivo que perseguimos é o de que o alumnado sexa capaz de identificar e analizar problemas que afectan ó ambiente, pero sen quedar nunha posición teórica, senón coa pretensión do desenvolvemento de actitudes positivas cara á súa conservación e mellora.

As actitudes que se van potenciar son:

Toma de conciencia sobre os problemas do medio ambiente.

Interese por lograr un equilibrio entre o desenvolvemento industrial que posibilita unha serie de comodidades na vida cotiá e o respecto pola natureza.

Postura individual positiva para evitar a degradación do lugar de hábitat do alumnado e do centro educativo.

### b) Educación para a paz

Búscanse os obxectivos seguintes:

Espertar condutas de tolerancia, non violencia, desarmamento e cooperación.

Avivar o interese dos alumnos polo coñecemento e comprensión de pobos, culturas e relixións distintas á nosa.

Reflexionar sobre as formas pacíficas de resolución de conflitos.

Asentar valores como a xustiza, solidariedade, cooperación, diálogo, etc.

Conseguir que os alumnos e alumnas no seu comportamento rexeiten actitudes de intolerancia, insolidariedade, obediencia cega, etc.

As actitudes que se pretenden consolidar son:

Valoración dos dereitos humanos como unha conquista histórica e rexeitamento de calquera forma de violalos, así como de todo tipo de discriminación por razóns de idade, sexo, raza, nacionalidade, relixión, etc.

Respecto e valoración crítica ante as opcións éticas de cada persoa e valoración e defensa da pluralidade moral nas sociedades democráticas.

Interese por coñecer outras culturas e indagar nas súas particularidades.

Tolerancia, respecto e valoración crítica de actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos pertencentes a sociedades ou culturas distintas á nosa.

Rexeitamento das inxustizas que poden derivarse das desigualdades na propiedade económica entre distintas persoas e pobos

**c) Educación vial**

O seu obxectivo é sensibilizar ós alumnos sobre os problemas de tráfico, as condutas adecuadas e inadecuadas e as súas consecuencias (accidentes e mortes).

**d) Educación non sexista**

Os obxectivos que nos propoñemos son:

Conseguir que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións e presupostos de discriminación sexual, de analizar as súas causas, detectando que a súa posible solución pasa polas relacións diarias na aula, familia, amigos e amigas, etc.

Lograr que adquiran actitudes críticas ante estas discriminacións e sexan capaces de actuar coherentemente.

As actitudes que se pretenden asentar son:

Valoración dos dereitos humanos como unha conquista histórica e rexeitamento de calquera forma de discriminación por razóns de idade, sexo, raza, nacionalidade, relixión, etc.

Valoración crítica dos prexuízos sexistas presentes nas nosas costumes e recuperación e integración do patrimonio cultural das mulleres.

Valoración e respecto ás funcións das distintas persoas que integran a familia e aceptación do reparto axeitado de responsabilidades entre tódolos seus membros, sen discriminación por razón de idade ou sexo.

Valoración dos movementos que defenderon e defenden os dereitos da muller.

**e) Educación para a saúde**

Os seus obxectivos son:

Promover hábitos favorables á saúde física, mental, social e ambiental.

Analizar medios naturais daniños para o ser humano.

As actitudes serían:

Toma de conciencia fronte a temas como a fame, a subalimentación, a situación sanitaria, etc...

Adquisición de costumes alimentarios e hixiénicos adecuados.

**f) Educación do consumidor**

Os obxectivos prioritarios neste senso son:

Conseguir que os alumnos e alumnas adquiran hábitos de consumo racionais e novos.

Asentar actitudes de responsabilidade para esixir non só produtos mellores e menos perigosos, senón tamén máis ecolóxicos e menos contaminantes.

As actitudes concretas que se pretenden consolidar son:

Capacidade de crítica cara a propaganda dos medios de comunicación para non deixarse enganar ou manipular.

Rexeitamento do consumismo e creación de hábitos para contribuír individualmente a un mellor reparto de bens e servizos a nivel social.

Recoñecemento crítico das repercusións que ten para o benestar psíquico a deficiente educación fronte o consumismo, concretamente á "angustia" ante obxectos que cren necesario adquirir e que, en numerosas ocasións, son superfluos e innecesarios.

**g) Educación sexual**

O obxectivo é formular problemas relacionados co control da natalidade e o desenvolvemento demográfico.

A principal actitude sería que asuman unha sexualidade sen riscos.

## 8. Actividades complementarias e extraescolares

**Materia de Xeografía e Historia**

**1º ESO**

<u>Visita ao Museo de Prehistoria de Vilalba</u>

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos do Neolítico e a Idade dos Metais como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte do Neolítico e da Idade dos Metais, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Vilalba

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entrada museo.

• Profesorado responsable: docente de 1º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Pedregal da Irimia, Castro de Viladonga e Lugo

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos do Neolítico e a Idade dos Metais, da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte do Neolítico e da Idade dos Metais, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Zona de Lugo

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 1º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Proxecto Terra

• Obxectivos

- Coñecer a realidade de hábitat e arquitectura galegas

- Coñecer as diferenzas entre os ámbitos rurais e urbanos do noso territorio.

- Coñecer as diferenzas entre o noso territorio e outros territorios, tanto dentro da comunidade autónoma, como fóra dela.

- Entender a arquitectura como parte integrante da identidade cultural galega en particular, e de todos os pobos en xeral.

• Data: por determinar, probablemente terceiro trimestre.

• Lugar de realización: segundo o programa concedido

• Repercusións económicas: segundo o programa concedido

• Profesorado responsable: calquera do departamento

**2º ESO**

Visita a un castelo, como pode ser o de Moeche, Vimianzo, Soutomaior ou Pambre

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Moeche, Terra de Soneira ou Lugo – A Ulloa

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Mosteiro de Carboeiro (Silleda)

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Silleda

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo do Pobo Galego de Compostela e a zona antiga da cidade

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Media, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte medieval, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 2º trimestre

• Lugar de realización: Santiago de Compostela

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

<u>Visita ao Museo do Etnográfico da Capela</u>

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos do pasado, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte e os restos etnográficos locais, entendendo que moitos perviven nos nosos días, e que deben ser recordados e preservados para coñecer o noso pasado e saber de onde vimos.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 2º - 3º trimestre

• Lugar de realización: A Capela

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

**3º ESO**

<u>Visita ao Parlamento de Galicia e outros monumentos da cidade compostelá</u>

• Obxectivos

- Comprobar in situ o funcionamento do Parlamento Galego, eixo vertebrador da vida política galega.

- Coñecer as instalacións, tempos de intervención, medios para facelo... dos que dispoñen os e as parlamentarias galegas.

- Recoñecer as características dunha sociedade democrática e seus mecanismos de funcionamento.

- Comprender a importancia do Estatuto Galego e contextualizalo historicamente.

• Data: Segundo trimestre

• Lugar de realización: Santiago de Compostela

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento.

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

<u>Visita a algunha instalación relacionada con algún dos sectores económicos (explotación agrogandeira, factoría Citröen Vigo, gran hipermercado...)</u>

• Obxectivos

- Recoñecer as actividades produtivas que forman parte dos distintos sectores produtivos.

- Describir as características das distintas fases de produción e distribución dos bens e servizos.

- Recoñecer os elementos que interveñen en ditos procesos.

- Recoñecer a importancia da industria no seu entorno máis achegado ou, no seu defecto, na comunidade autónoma.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Vigo, bisbarra de Arzúa...

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

<u>Visita ao centro de interpretación da Batalla de Rande, Meirande e ao Museo do Mar de Vigo</u>

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar a importancia do mar na nosa comunidade tanto no pasado coma no presente.

- Coñecer as distintas artes de pesca e o desenvolvemento destas no tempo.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data: 2º trimestre

• Lugar de realización: Vigo e arredores

• Repercusións  económicas:  Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable:  docente de 3º da ESO.  En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

**4º ESO**

Visita á Illa de San Simón, e cidade e museos de Vigo

• Obxectivos

- Recoñecer os lugares destacados da comunidade autónoma a nivel histórico recente.

- Coñecer o contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil, así como as forzas que apoiaron aos dous bandos e as consecuencias da derrota republicana.

-  Analizar e valorar a arte das vangardas en España e Galicia.

• Data:  3º trimestre

• Lugar de realización: Vigo.

• Repercusións  económicas:  Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO.  En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Museo Naval de Ferrol

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da Idade Moderna e Contemporánea, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte moderna, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

• Data:  2º trimestre

• Lugar de realización:  Ferrol

• Repercusións económicas:  Custo do desprazamento, entradas.

• Profesorado responsable:  docente de 4º da ESO.  En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita a museos situados nas distintas cidades de Galicia

• Obxectivos

- Analizar e valorar a arte da Idade Contemporánea en España e Galicia.

- Valorar a arte, como fonte fundamental que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte contemporánea, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

• Data: 3º trimestre

• Lugar de realización: Ferrol, A Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra...

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento, entrada museo.

• Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

**Materia de Cultura Clásica**

Visita aos restos romanos da cidade de Lugo e arredores (Santa Eulalia de Bóveda)

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

• Data: 2º trimestre

• Lugar de realización: Lugo

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

Visita ao Centro de Interpretación Caldoval de Mugardos

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

• Data: 1º - 3º trimestre

• Lugar de realización: Mugardos

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

<u>Actividade de recreación histórica a mans da Asociación Gallaecia Viva</u>

• Obxectivos

- Ter curiosidade e querer coñecer formas de vida doutras épocas.

- Valorar os restos da romanización en Galicia, como fontes fundamentais que nos permiten reconstruír o noso pasado e que, polo tanto, cómpre conservar.

- Sentir aprecio pola arte Antiga, valorándoa por tres razóns: polo seu valor artístico, por expresar os gustos, necesidades e sentimentos dunha época e por ser o reflexo da creatividade humana.

- Desenvolver a empatía polas crenzas e forma de vida doutras épocas.

- Coñecer lugares destacados da xeografía galega.

• Data: 1º - 3º trimestre

• Lugar de realización: no propio centro

• Repercusións económicas: Custo da actividade

• Profesorado responsable: docente de 3º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

**Materia de Economía**

<u>Visita a algunha empresa da contorna como pode ser Pull & Bear, ou algunha outra de índole social</u>

• Obxectivos

- Recoñecer as actividades produtivas que forman parte dos distintos sectores produtivos.

- Describir as características das distintas fases de produción e distribución dos bens e servizos.

- Recoñecer os elementos que interveñen en ditos procesos.

- Recoñecer a importancia da industria no seu entorno máis achegado ou, no seu defecto, na comunidade autónoma.

• Data: ao longo de todo o curso

• Lugar de realización: Ferrolterra

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 4º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

**Materia de Valores Éticos**

<u>Visita á Cociña Económica de Ferrol, algún centro xeriátrico, protectora animais...</u>

• Obxectivos

- Construír un código ético de valores e normas que determinen as súas decisións.

- Comprender a vida como un proxecto persoal fundamentado nos valores éticos libremente elixidos.

- Contribuír á construción dun mundo baseado na xustiza, a igualdade, a liberdade e a paz.

- Recoñecer os dereitos humanos como referencia universal para superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.

- Desenvolver o espírito crítico e argumentativo.

• Data: ao longo de todo o curso

• Lugar de realización: Ferrolterra

• Repercusións económicas: Custo do desprazamento

• Profesorado responsable: docente de 1º - 2º da ESO. En caso de que a ratio o esixa, asistiría outro docente do departamento a maiores, ou aquel que tivera dispoñibilidade de facelo.

## 9. Tratamento do fomento da lectura

Como xa sinalamos ó falar do desenvolvemento das competencias clave, as materias correspondentes a este departamento, contribúen a desenvolver o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica.

Nese sentido, consideramos que a formación de lectores capacitados debe comezar por un achegamento ós textos máis sinxelos e cunha linguaxe adaptada ós alumnos e alumnas. A Xeografía e Historia, posúe un léxico complexo e moitas veces novidoso, que será conveniente presentar de forma gradual. Así, os alumnado do primeiro ciclo traballará de forma máis habitual con textos adaptados, procedentes dos libros do seu nivel, para ir despois atopando esa linguaxe específica en textos xornalísticos ou monografías especializadas. Dende o primeiro ciclo facilitarase tamén a lectura de gráficos e táboas, que irán gañando en complexidade no últimos ano.

Na aula desenvolveranse estratexias de comprensión lectora como as seguintes:

Lectura en voz alta. Cada día varios alumnos lerán por quenda en voz alta, durante non menos de quince minutos, diferentes parágrafos, ben do libro de texto, ben de artigos de xornais ou outro tipo de textos aportados polo profesorado. O docente realizará a continuación una serie de preguntas, tamén en voz alta, para comprobar o grao de comprensión adquirido pola clase. Por último, explicará todos aqueles aspectos que non quedaran suficientemente claros.

Lectura en voz baixa. Polo menos un día na semana o profesorado dedicará outros quince minutos á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou unha fotocopia que considere interesante, sobre o cal o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.

A narrativa como recurso didáctico nas Ciencias Sociais. Utilización da novela histórica para reforzar ou complementar algunha das unidades didácticas máis áridas en Ciencias Sociais.

Comentario de textos. Na materia de Xeografía e Historia de 4º de ESO poderá dedicarse unha clase quincenal ó tratamento do comentario de textos. O alumnado achegaranse á técnica do comentario, que parte dunha lectura detida e comprensiva dun texto histórico para chegar a analizar e comentar, utilizando a metodoloxía propia da historia, fontes primarias e secundarias axeitadas ó seu nivel.

Algúns textos, poden ser determinados coma lectura obrigatoria por parte do docente, e incluiranse coma un instrumento de avaliación.

## 10. Tratamento do fomento das TICs. Plan Dixital

As TIC resultan imprescindibles nas materias que dependen do departamento de Xeografía e Historia, porque aumentan as posibilidades de comunicación, axilizan os intercambios e mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

É por isto que colaboramos na aplicación do Plan Dixital existente no centro, fomentando o uso das novas tecnoloxías e de tódalas posibilidades que nos ofrecen.

Algúns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

Busca de información en diferentes páxinas web, para completar traballos. Así por exemplo, poderán facer traballos sobre a situación da muller no mundo, a inmigración, os dereitos humanos...; traballos de investigación para despois expoñer na aula; investigarán sobre diferentes personaxes ou feitos históricos...

Estas buscas de información formarán parte sempre de traballos perfectamente estruturados, para facilitarlle ao alumnado as labores de selección e organización dos datos.

Utilización de programas informáticos como Power Point para facer exposicións na clase, tanto por parte do profesorado como do alumnado.

Utilización do encerado dixital e da aula de informática.

Uso dalgunha aplicación de móbil que sirva para practicar calquera dos contidos ou habilidades pertencentes ás materias, sempre baixo a supervisión do docente.

Uso da plataforma EDIXGAL.

Uso de tódolos materias que se faciliten ao centro en caso de entrar a formar parte do programa Polos Creativos, para o cal fixemos achegas dende este departamento.

## 11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

O proceso de avaliación ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:
I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. É a realizada como fase previa á elaboración desta programación.
II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona

información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os membros, irán valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados poderán ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na acta das reunións.

III. Avaliación Final: Determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizar as distintas fases de avaliación e poder detectar as posibles modificacións, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polos alumnos e alumnas dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e unha enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado.

Poderán realizarse unha serie de reflexións, cos seguintes indicadores de logro:

Motivación inicial do alumnado

- Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.

- Expoño situacións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...)

Motivación ao longo de todo o proceso

- Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada...

- Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real...

- Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas

Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)

- Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos.

- Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema ( mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...)

- Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, ...

Actividades na aula

- Expoño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.

- Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.

<u>Recursos e organización da aula</u>

- Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase.

- Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar, controlando sempre que o adecuado clima de traballo.

- Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.

<u>Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado</u>

- Comprobo, de diferentes modos, que o alumnado comprendeu a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, …

- Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome a participación de todos...

- Controlo frecuentemente o traballo do alumnado: explicacións adicionais, dando pistas.

<u>Clima da aula</u>

- As relacións que establezo co meus alumnado dentro do aula e as que estes establecen entre si son correctas, fluídas e dende unhas perspectivas non discriminatorias.

- Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.

- Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto as súas suxestións e achegas, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.

- Proporciono situacións que facilitan ao alumnado o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.

<u>Seguimento control do proceso de ensino-aprendizaxe</u>

- Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas -dentro e fóra do aula-, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.

- Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e, favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.

- En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.

- En caso de obxectivos suficientemente alcanzados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.

<u>Diversidade</u>

- Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc..., e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensinanza - aprendizaxe ( motivación, contidos, actividades, ...).

- Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Equipos de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

Valdoviño, setembro de 2022